



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 6 DE XUÑO DE 2016 Núm. 08/16

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello de Bueu

Data: 06 de xuño de 2016

Hora convocatoria: 21:00 horas

Hora comezo: 21:00 horas

Hora remate: 23:05 horas

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Félix Juncal Novas

Concelleiros:

Polo grupo BNG-Asambleas Abertas:

D. Martín Villanueva Pastoriza

D. Juan Carlos Eirea Eiras

D^a Ana Isabel Otero Pastoriza

D. José Inocente García Cuervo

D. Fidel Castro Quiroga

D^a M^a José Pérez Piñeiro

D. Manuel Otero Pérez

D. Xosé Leal Fariña

D^a M^a Teresa López González

D^a Silvia Carballo González

D^a Inmaculada Concepción Rodríguez Días

Polo grupo Partido Popular:

D^a Berta Pérez Hernández

D. Manuel Santos Pires

D^a Mercedes del Pilar Otero González

Polo grupo PSdeG-PSOE:

D. José Manuel Vilas Pastoriza

Polo grupo SON

D. Julio Villanueva González

Secretaria:

D^a Nuria Lobato del Río

Interventor:

D. Sergio Curra Moreira

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 21:00 horas do día 6 de xuño de 2016, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do sr. alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria, coa seguinte orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 354/16 de data 1 de xuño de 2016 e notificada os membros da mesma:

1. Actas anteriores núms. 6 e 7/16 (ordinaria de 05/05/16 e extraordinaria de 26/06/16)



2. Dación conta do cambio de vogais da Comisión informativa permanente de Facenda Municipal, Modernización da Administración Local e Réxime Interior á vista da proposta presentada polo Grupo municipal do BNG do 27.04.2016 (RE 3111)
3. Dación conta do informe de seguimento execución trimestral dos orzamentos do Concello de Bueu e o IMD correspondente ó 1º Trimestre de 2016
4. Dación conta do informe de seguimento do Plan de Axuste correspondente ó Primeiro trimestre de 2016
5. Dación conta da remisión ó Ministerio de Hacienda da Liquidación orzamentaria de 2015
6. Proposta da Alcaldía de data 23.05.2016 “Proposta de Resolución de Expediente sancionador R/S82-15 incoado fronte a Aqualia Gestión Integral del Agua S.A. , agora FCC Aqualia S.A. cambio de denominación social comunicado ó Concello de Bueu con data 11 de xuño de 2014 (RE 4152, NO SUCESIVO Aqualia, concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga, Saneamento e Depuración de Bueu, por comisión de falta Moi Grave.
7. Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, relativa á Revisión Catastral no concello de Bueu (Nº Rexistro 3103 de 27.04.2016)
8. Moción do Grupo Municipal de PSdeG-PSOE, relativa a “Urbanización dos viais en Meiro e A Portela” Nº de rexistro 3409 de 06.05.2016
9. Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: “Proposta Resolución Dotación Praia Canina en Bueu”
10. Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervencción Municipal dende a derradeira sesión ordinaria
11. Dación conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria
12. Rogos e preguntas.

Comprobada a existencia de quórum esixible para a celebración da sesión, polo Sr. Alcalde declárase aberta a sesión.

1. Actas anteriores: núms. 6 e 7/16 (ordinaria de 05/05/16 e extraordinaria de 26/06/16)

1.1. Acta núm. 6 (ordinaria de 05/05/16) Debe dicir: ordinaria de 02/05/16

Pola Presidencia dase conta do borrador da acta núm. 06/16, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de maio de 2016, producíndose as seguintes intervencións:

- **Sr. Santos Pires PP):**
 - En canto á aprobación da acta anterior, no punto núm. 2 segue habendo un erro, ao figurar *Comunidade de Concellos do Morrazo*, cando debe dicir *Mancomunidade de Concellos do Morrazo*.
 - Na páxina 17, na súa 2ª intervención, non é certo que permanecera en silencio ao longo de todo o tempo concedido pola presidencia, senón que ao final, nos últimos 30 segundos, xustificou a súa postura, que pide conste en acta.
 - Na páxina 18 onde pregunta se *consta algún insulto na acta da sesión ordinaria da Comisión informativa*, referíase *na acta do plenario que se estaba a facer naquel momento*, non na Comisión Informativa.
- **Sr. Villanueva González (SON):**
 - Na páxina 14, en canto a súa intervención, debe figurar *truxo non trullo*.

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. alcalde somete a aprobación o borrador da acta núm. 06/16 da sesión ordinaria da corporación municipal celebrada o pasado 2 de maio de 2016 a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:



Sometida a votación a acta de referencia, coas corrección antes sinaladas, deuse o seguinte resultado:

- ✓ Votos a favor: 16 (12 dos Concelleiros do BNG, 2 dos Concelleiros Sr. Santos Pires e Sra. Otero González do PP, 1 do Concelleiro do PsdeG-PSOE, e 1 do Concelleiro de SON)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 1 (da Concelleira Sra. Pérez Hernández, do PP, por canto non estivo presente na mesma)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de votos favorables , acorda prestar aprobación á acta da sesión ordinaria núm. 06/16 celebrada o día 2 de maio de 2016, coas rectificacións antes sinaladas.

1.2 Acta núm. 7 (extraordinaria de 26/06/16) Debe dicir 30/05/16

Pola presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 7/16, correspondente á sesión extraordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o día 30 de maio de 2016.

Non producíndose ningunha intervención, sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a acta de referencia, deuse o seguinte resultado:

- ✓ Votos a favor: 13 (da totalidade dos Concelleiros presentes na mesma: 9 do BNG, 2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 4 (d@s Concelleir@s Sra. Pérez Piñeiro, Sr. Eirea Eiras e Sra. Rodríguez Días, do BNG, e Sra. Pérez Hernández, do PP, por canto non estiveron presentes na mesma.)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de votos favorables dos Concelleiros presentes, acorda prestar aprobación á acta de referencia, núm. 07/16 celebrada o día 30 de maio de 2016.

2. Dación conta do cambio de vogais da Comisión informativa permanente de Facenda Municipal, Modernización da Administración Local e Réxime Interior á vista da proposta presentada polo Grupo municipal do BNG do 27.04.2016 (RE 3111)

Pola Alcaldía-Presidencia dáse conta da súa propia comunicación de data 6 de maio en que andamos, poñendo en coñecemento da Corporación a modificación dos representantes do seu grupo do BNG nas distintas Comisións Informativas, como consecuencia do cese no cargo de Concelleiro de D. Antonio Rosales Pedrouso e toma de posesión da Concelleira Dna. Inmaculada Rodríguez Días; quedando como segue:

• Comisión informativa de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda

Vogais

- ✓ D. Martín Villanueva Pastoriza
- ✓ D. Fidel Castro Quiroga
- ✓ D^a Silvia Carballo González
- ✓ D. José Inocente García Cuervo
- ✓ D^a María Teresa López González

Suplentes

- ✓ D. Xosé Leal Fariña



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- ✓ D^a María José Pérez Piñeiro
- ✓ D. Juan Carlos Eirea Eiras
- ✓ D^a Ana Otero Pastoriza
- ✓ D^a Inmaculada Rodríguez Días
- ✓ D. Manolo Otero Pérez

• **Comisión informativa de Economía, Empleo, Consumo e Turismo**

Vogais

- ✓ D^a Silvia Carballo González
- ✓ D. Fidel Castro Quiroga
- ✓ D^a María José Pérez Piñeiro
- ✓ D. José Inocente García Cuervo
- ✓ D. Xosé Leal Fariña

Suplentes

- ✓ D^a Teresa López González
- ✓ D. Martín Villanueva Pastoriza
- ✓ D. Juan Carlos Eirea Eiras
- ✓ D^a Ana María Otero Pastoriza
- ✓ D^a Inmaculada Rodríguez Días
- ✓ D. Manolo Otero Pérez

• **Comisión informativa de Portavocía do Goberno, Educación, Cultura e Políticas Sociais**

Vogais

- ✓ D. Juan Carlos Eirea Eiras
- ✓ D^a Ana María Otero Pastoriza
- ✓ D^a María José Pérez Piñeiro
- ✓ D^a María Teresa López González
- ✓ D^a Inmaculada Rodríguez Días

Suplentes

- ✓ D. José Inocente García Cuervo
- ✓ D. Martín Villanueva Pastoriza
- ✓ D^a Silvia Carballo González
- ✓ D. Xosé Leal Fariña
- ✓ D. Manolo Otero Pérez
- ✓ D. Fidel Castro Quiroga

• **Comisión informativa de Facenda Municipal, Modernización da Administración e Réxime Interior.**

Vogais

- ✓ D. José Inocente García Cuervo
- ✓ D^a Ana María Otero Pastoriza
- ✓ D. Manolo Otero Pérez
- ✓ D^a Silvia Carballo González
- ✓ D. Xosé Leal Fariña

Suplentes

- ✓ D. Fidel Castro Quiroga
- ✓ D. Martín Villanueva Pastoriza
- ✓ D. Juan Carlos Eirea Eiras
- ✓ D^a Teresa López González
- ✓ D^a Inmaculada Rodríguez Días



✓ D^a María José Pérez Piñeiro

• **Comisión informativa de Medio Ambiente Urbano e Servizos**

Vogais

- ✓ Manolo Otero Pérez
- ✓ Juan Carlos Eirea Eiras
- ✓ D^a Ana María Otero Pastoriza
- ✓ D. Fidel Castro Quiroga
- ✓ D^a Teresa López González

Suplentes

- ✓ D^a Silvia Carballo González
- ✓ D. José García Cuervo
- ✓ D. Martín Villanueva Pastoriza
- ✓ D^a Inmaculada Rodríguez Días
- ✓ D. Xosé Leal Fariña
- ✓ D^a María José Pérez Piñeiro

Quedando enterada a Corporación.

3. Dación conta do informe de seguimento execución trimestral dos orzamentos do Concello de Bueu e o IMD correspondente ó 1º Trimestre de 2016

Polo Sr. Alcalde dáse conta do informe de seguimento da execución trimestral dos orzamentos do Concello de Bueu e do Instituto Municipal de Deportes, correspondente ao 1º trimestre de 2016, en cumprimento da Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros presentes, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal do informe de seguimento da execución trimestral dos orzamentos do Concello de Bueu e do IMD correspondente ao 1º trimestre de 2016.

4. Dación conta do informe de seguimento do Plan de Axuste correspondente ó primeiro trimestre de 2016

Polo Sr. Alcalde dáse conta do informe de seguimento do Plan de Axuste co Concello de Bueu, correspondente ao 1º trimestre de 2016, en cumprimento do disposto nos arts. 10 do Real Decreto Lei 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para a Financiación de Pago a Provedores, relativo ás obrigas de información das entidades locais, e 10.3 da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal do informe de seguimento do Plan de Axuste correspondente ao 1º trimestre de 2016.



5. Dación conta da remisión ó Ministerio de Hacienda da Liquidación orzamentaria de 2015

Polo Sr. Alcalde dáse conta da remisión ó Ministerio de Hacienda da Liquidación Orzamentaria do exercicio de 2015.

Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal da remisión de dito documento económico ó Ministerio de Hacienda.

6. Proposta da Alcaldía de data 23.05.2016 “Proposta de Resolución de Expediente sancionador R/S82-15 incoado fronte a Aqualia Gestión Integral del Agua S.A., agora FCC Aqualia S.A. cambio de denominación social comunicado ó Concello de Bueu con data 11 de xuño de 2014 (RE 4152, NO SUCESIVO Aqualia, concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga, Saneamento e Depuración de Bueu, por comisión de falta Moi Grave.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura ó dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Permanente de Facenda Municipal, Modernización da Administración Local e Réxime Interior, en sesión ordinaria celebrada o día 01/06/16, en relación coa proposta da Alcaldía sobre o asunto de referencia, de 23/05/16, do seguinte contido literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE SANCIONADOR R/S82-15 INCOADO, FRONTE A “AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A, AGORA FCC AQUALIA S.A., cambio de denominación social comunicado ó Concello de Bueu con data 11 de xuño de 2014 (RE 4152), no sucesivo Aqualia, concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga, Saneamento e depuración de Bueu, por comisión de falta Moi Grave.

Visto que o instrutor do devandito expediente sancionador R/S82-15, con data 8 de Marzo de 2016 eleva ó Pleno da Corporación Municipal do Concello de Bueu proposta de Resolución de expediente sancionador R/S82-15, incoado fronte a “AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A, AGORA FCC AQUALIA S.A., cambio de denominación social comunicado ó Concello de Bueu con data 11 de xuño de 2014 (RE 4152), concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga, Saneamento e Depuración de Bueu, en atención ás deficiencias advertidas no funcionamento da EDAR de Bueu, na Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia, correspondente ó cuarto trimestre de 2013 (Outubro- Decembro de 2013)

Nos seguintes termos:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE SANCIONADOR R/S82-15 INCOADO, FRONTE A “AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A, AGORA FCC AQUALIA S.A., cambio de denominación social comunicado ó Concello de Bueu con data 11 de xuño de 2014 (RE 4152), no sucesivo Aqualia, concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga, Saneamento e depuración de Bueu, por comisión de falta Moi Grave.

É obxecto da presente, presentar proposta de resolución do expediente sancionador R/S82-15, incoado con data 08.01.16 fronte a “Aqualia Gestión Integral del Agua S.A.”, agora FCC



Aqualia S.A., cambio de denominación social comunicado ó Concello con data 11 de Xuño de 2014 (RE-4152), en atención ás deficiencias advertidas no funcionamento da EDAR de Bueu, na Auditoría do Cuarto trimestre de 2013. e actuacións subseguintes.

Antecedentes administrativos:

- *Contrato administrativo de xestión indirecta, mediante concesión administrativa do servizo público de captación, distribución e subministración domiciliaria de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais formalizado en documento administrativo asinado o 15.06.2000, entre o Concello de Bueu e Seragua S.A. agora FCC Aqualia S.A.*
- *Informe pericial, co obxecto de analizar os resultados de auditoría periódica, correspondente ó trimestre Outubro-Decembro 2013, elaborado por augas e Galicia, a través da Consultora "IDOM", o que deriva de incumprimentos da concesionaria FCC Aqualia S.A, asinado por Lagares Oca S.L. a través de José Antonio González Ferreira, Grad. Enxeñeiro Industrial Euroenxeñeiro (FEANI Num. 25977), Enxeñeiro Agrónomo (Especialista Enxeñerías Rural), colexiado co num. 281 na Ilustre escola Oficial de enxeñeiros Agrónomos de Galicia, Grad. En enxeñería industrial, Enxeñeiro T. Industrial, colexiado co num. 2270 do Ilustre colexio Oficial de enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, Máster en Medio Ambiente urbano, de Abril de 2014.*
- *Informe Pericial sobre posibles incumprimentos da concesionaria FCC Aqualia S.A., asinado por Lagares Oca S.L. a través de José Antonio Glez. Ferreira, Grad. Enxeñeiro Industrial Euroenxeñeiro (FEANI 25977), Enxeñeiro Agrónomo (Esp. Enxeñería Rural), colexiado co num. 281 da Ilustre escola Oficial de enxeñeiros Agrónomos de Galicia, Grad. En enxeñería industrial, Enxeñeiro T. Industrial, colexiado co num. 2270 do Ilustre colexio Oficial de enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, Máster en Medio Ambiente urbano, que tivo entrada no Rexistro Municipal o 22.08.14 (RE 5932)*
- *Informe xurídico, emitido por Calixto Escariz abogados, sobre posibles incumprimentos da concesionaria FCC AQUALIA S.A, detectados pola auditoría periódica de Augas de Galicia (Outubro-Decembro 2013), que tivo entrada no Rexistro con data 08.10.15 (RE 7195), e informe xurídico emitido por Calixto Escariz AboG ados, sobre viabilidade de sanción, de incumprimentos na xestión do servizo por parte da adxudicataria do servizo de xestión, mediante concesión administrativa dos sevizos municipais de captación distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais, que tivo entrada no Rexistro municipal con data 20.01.15) (RE 369*
- *Resolución Alcaldía de 22.04.15, de incoación expediente sancionador R/S11-15 a FCC Aqualia S.A., concesionaria do Servizo municipal de Abastecemento de Auga, saneamento e depuración de Bueu, por comisión de falta MOI GRAVE, que foi notificado a FCC Aqualia S.A. con data 29.04.15*
- *Alegacións FCC Aqualia S.A con data 18.05.2015 (RE 3787)*
- *Informe de Lagares Oca S.A. con entrada no Rexistro Municipal o 11.06.15 (RE 4577)*
- *Informe xurídico para proposta de Resolución expediente sancionador R/S11-15, con entrada no rexistro municipal o 19.06.15 (RE 4813)*
- *Proposta Resolución expediente sancionador R/S11-15 de 23.06.15, que foi notificada a FCC Aqualia S.A. con data 30.06.15 (RS 2220)*
- *Alegacións FCC Aqualia S.A. á proposta de Resolución do expediente sancionador con entrada no Rexistro Xeral do Concello de Bueu con data 15.07.15 (RE 5629)*
- *Informe xurídico sobre Resolución expediente sancionador R/S11-15, que tivo entrada no Rexistro Xeral o 24.07.15 (RE 5794)*
- *Informe xurídico sobre caducidade de expediente sancionador R/S11-15, con entrada no Rexistro Xeral do Concello de Bueu con data 01.12.15 (RE 9955)*



- *Informe xurídico sobre erros advertidos en informe xurídico sobre caducidade de expediente sancionador R/S11-15*
- *Resolución Alcaldía de caducidade de expediente sancionador R/S11-15, e incoación novo expediente sancionador R/S82-15, asinada con data 08.01.15 e que foi notificada a FCC Aqualia S.A. con data 21.01.16*
- *Alegacións FCC Aqualia S.A, á incoación dun novo expediente sancionador*
- *Informe xurídico de 26.02.16, con entrada no Rexistro Xeral do Concello de Bueu con data 26.02.16 (RE 1297)*

Normativa aplicable:

- *Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*
- *Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu.*
- *Lei 30/1992 de 26 de Novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común.*

Consideracións Técnicas:

Visto o informe xurídico de 19.02.16, con entrada no Rexistro Xeral co Concello de Bueu o 26.02.16 (RE 1297), co obxecto de determinar o sentido que se considera debería ser ditada a proposta de Resolución de expediente sancionador R/S82-15, incoado con data 8 de Xaneiro de 2016 fronte a FCC Aqualia S.A, con respecto ó incumprimento de requerimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu, na Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia, correspondente co cuarto trimestre de 2013

Considerando que,

En data de 22 de abril de 2015, por parte da Alcaldía-Presidencia do Concello de Bueu se incoa procedemento sancionador R/S11-15 fronte a "FCC AQUALIA, S.A." con respecto do incumprimento de requirimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu na citada auditoría periódica, cualificando a conducta típica como "infracción moi grave" tipificada no art. 40.3.i) do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu sobre a base dos extremos apreciados en Informe técnico "Sobre contestación de AQUALIA, S.A. en relación a incumprimentos detectados pola auditoría periódica de Augas de Galicia (outubro-décembro 2013)" emitido pola mercantil "Lagares OCA, S.L." en agosto de 2014, concedéndose á mercantil infractora prazo de 15 días para a formulación de alegacións e presentación de documentación oportuna.

Procedéndose en debido termo pola representación de "FCC AQUALIA, S.A." á presentación de escrito de alegacións con respecto do citado Acordo de Incoación.

Resultando ditada en data 23 de xuño de 2015, polo Instructor do expediente Proposta de Resolución con relación ós precitados feitos, cualificando a infracción cometida como moi grave tipificada no art. 40.3.i) do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas



residuais no Concello de Bueu, e, como sanción a impor a de 6.010 euros e, concedendo prazo de 15 días a "FCC AQUALIA, S.A." para a formulación de alegacións.

Procedéndose en debido termo pola representación de "FCC AQUALIA, S.A." á presentación de escrito de alegacións con respecto de tal Proposta de Resolución.

Resultando emitido en data de 20 de xullo de 2015 Informe Xurídico sobre a Resolución de dito expediente sancionador e, en data de 24 de novembro de 2015, Informe Xurídico no cal se determina deber procederse por ese Concello, a medio de Resolución do seu Alcalde-Presidente, a decretar a caducidade do procedemento sancionador R/S 11-15 incoado fronte a "FCC AQUALIA, S.A." por ter transcurrido o prazo máximo legalmente establecido para a súa Resolución e seu subseguinte arquivo e, ó mesmo tempo, por razón de economía procesual, non tendo prescrito a infracción imputada, determinar nova incoación de procedemento sancionador con respecto da conducta típica de incumprimento de requirimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu na Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia correspondente co cuarto trimestre do ano 2013 (outubro-décembro de 2013), determinando manterse os Informes Técnicos e Informes Xurídicos referidos no apartado III de dito Informe Xurídico e, contendo os extremos establecidos no art. 13 do Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora, dando novo prazo para alegacións á mercantil precitada e prazo de recurso administrativo e xudicial en relación coa decisión de caducidade e arquivo.

Efectuándose en data de 21 de decembro de 2015 Nota de rectificación de erros materiais con respecto da incorrecta transcripción en parte de dito Informe Xurídico do ano do expediente de referencia.

Segundo.- En data de 8 de xaneiro de 2016, o Alcalde-Presidente do Concello de Bueu adopta acordo que resolve a caducidade do expediente sancionador R/S11-15 e a incoación dun novo procedemento sancionador de referencia R/S82-15, con respecto da conducta típica de incumprimento de requirimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu na Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia correspondente co cuarto trimestre do ano 2013 (outubro-décembro de 2013), referindo os Informes que da tramitación do expediente R/S11-15 se manteñen e concedendo prazo de alegacións á representación de "FCC AQUALIA, S.A."

Procedéndose por parte de dita mercantil en debido termo (sendo notificado dito Acordo en data de 21 de xaneiro de 2016 e presentado escrito de alegacións en data de 8 de febreiro de 2016), no cal se refire:

- Se efectúa remisión ós escritos de alegacións presentados no seo do expediente sancionador R/S11-15 en data de 18 de maio de 2015 e 15 de xullo de 2015.
- Se considera que, en todo caso, se debe partir do contido da Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia no cuarto trimestre do ano 2013, instando a solicitude de Informe aclaratorio por parte de dita Entidade Pública con respecto a: descrición do estado e funcionamento da E.D.A.R de Bueu durante o cuarto trimestre do ano 2013, constatación de defectos de conservación e/ou mantemento e no funcionamento de dita instalación, así como de defectos no proceso de depuración, adecuación da utilización dunha soa canle de oxidación neste tipo de instalacións e avaliación da calidade da explotación.
- Solicitando como medio probatorio que este Concello requira o Informe precitado á Entidade Pública Augas de Galicia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:



I.- Nos termos que constan na Resolución da Alcaldía-Presidencia dese Concello de data de 8 de xaneiro de 2016, se incorporan ó expediente sancionador R/S82-15 Informes xa emitidos con respecto do expediente sancionador R/S11-15, entre os que se atopan o Informe técnico "Sobre contestación de AQUALIA, S.A. en relación a incumprimentos detectados pola auditoría periódica de Augas de Galicia (outubro-décembro 2013)" emitido pola mercantil "Lagares OCA, S.L." en agosto de 2014 e o Informe Xurídico emitido por este Despacho profesional en data de 14 de xaneiro de 2015 relativo á incoación de procedemento sancionador con respecto á conducta típica de incumprimento de requirimento efectuado en orde a emendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu na Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia correspondente co cuarto trimestre do ano 2013 (outubro-décembro de 2013), o contido dos cales se debe entender fundamentador do citado Acordo de Incoación e, en relación cos que, a medio da remisión efectuada por parte da representación de "FCC AQUALIA, S.A." ó seu escrito presentado en data de 18 de maio de 2015, deben entenderse formuladas alegacións no senso articulado en dito escrito. Considerándose que, resultando o obxecto do escrito tamén citado presentado en data de 15 de xullo de 2015 o da Proposta de Resolución emitida no seo do procedemento sancionador R/S11-15, o seu contido non debe resultar obxecto no presente momento, senon na data na que resulte emitida Proposta de Resolución no seo do presente expediente.

Debendo sinalar, ser o contido do alegado no escrito de data de 18 de maio de 2015 por parte de "FCC AQUALIA, S.A.":

Non existe contaminación do efluente, derivándose delo a ausencia de deficiencias na xestión; téndose procedido polo Concello no seo do expediente sancionador R/S 8-15 ó seu arquivo cando se trataba dun suposto no que existían dúas mostraxes desconformes nos mesmos termos advertidos na Auditoría do cuarto trimestre do ano 2013 (outubro-décembro de 2013).

A concesionaria deu resposta ó requirimento efectuado polo Concello a medio de escrito de data de 17 de xullo de 2014, sen que o nel disposto se poda entender desvirtuado nos Informes emitidos por "Lagares O.C.A., S.L." por partirse no de abril de 2014 simplemente dos datos referidos no Informe de Auditoría de Augas de Galicia e non téndose coñecemento da visita efectuada para a obtención das fotografías que obran no expediente de agosto de 2014, sendo o reflectido neste circunstancias que implican un normal funcionamento dunha E.D.A.R., sen terse acreditado a existencia de contaminación do efluente, xustificándose a ausencia de posta en funcionamento da segunda canle do reactor biolóxico por non existir contaminación, a correcta realización de purgas dos fangos segundo o esixe o proceso, calificar o Informe de Auditoría a explotación como boa no cumprimento do protocolo de control de explotación, resultar plantexada a baixa concentración de osíxeno como unha posibilidade e existir un aumento do caudal tratado nas instalacións da E.D.A.R., non pretender variar os criterios de deseño da E.D.A.R. senon constatar resultar máis efectiva a operatividade dunha única canle e non resultar superados os valores de humidade.

Se achega Informe técnico elaborado pola mercantil "ESINPRO, S.L." no que se refire o cumprimento dos parámetros de nitróxeno e sólidos en suspensión partindo do Informe do 3º trimestre de 2014 elaborado por "ADANTIA" e o histórico dos últimos 2 anos e medio elaborado por "IDOM", así como de existir a posibilidade de mostraxes que incumpran en atención ó número destas tomadas, que a posta en funcionamento da segunda liña do canal de oxidación determinaríase o incremento de formación de escumas e non resultar posible reducir a idade de maduración do fango en atención á capacidade da E.D.A.R. e non responder ós criterios de deseño habituais.



Finalmente, se sinala non ter sido incoado expediente algún por parte de Augas de Galicia, Administración competente en relación co control dos verquidos.

II.- Nos mesmos termos expostos no Informe Xurídico emitido por este Despacho Profesional en data de 16 de xuño de 2015, no seo do expediente sancionador R/S11-15, debe sinalarse, en primeiro termo o resultar a conducta típica que se considera cometida por parte de "FCC AQUALIA, S.A." e, que ten dado lugar á incoación de tal expediente sancionador, e, tras o arquivo deste, do expediente sancionador R/S82-15 a do incumprimento de requirimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu na Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia con respecto do cuarto trimestre do ano 2013 (outubro-décembro de 2013).

Tratándose, en consecuencia de defectos no funcionamento das instalacións da E.D.A.R. de Bueu constatados por mercantil encargada por parte do Organismo de Cunca (Aguas de Galicia) do desenvolvemento das Auditorías trimestrais de explotación deste tipo de instalacións, sendo o requirido polo Concello de Bueu a adecuación do funcionamento da E.D.A.R. de Bueu ó advertido en tal Auditoría, o cal resultaría incumplido por parte da mercantil concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello de Bueu, nos termos que se derivan do seu escrito de data de 17 de xullo de 2014, no cal se determina a motivación de non cumprir co requirido, polo cal, resulta absolutamente indiferente a constatación ou non neste caso de contaminación do efluente.

Resultando, pola contra, o procedemento sancionador R/S 8-15 ó que se refire a mercantil denunciada no seu escrito de data de 18 de maio de 2015, incoado en considerada contravención das esixencias establecidas no Real Decreto Lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas sobre o tratamento das augas residuais urbanas e Real Decreto 509/1996, de 15 de marzo, polo que se desenvolven as Normas de Tratamento de Augas Residuais Urbanas a consecuencia do funcionamento das instalacións da E.D.A.R. de Bueu nos termos constatados na auditoría periódica de Augas de Galicia correspondente ó 3º trimestre do ano 2014 (meses de xullo a setembro de 2014) e, resultando proposto o seu arquivo, ó non gozar de encaixe a conducta desenvolvida por parte de "FCC AQUALIA, S.A." sobre a que éste versa, na infracción tipificada no art. 40.3.m) do Prego de cláusulas económico-administrativas rector do servizo de xestión, mediante concesión administrativa dos servizos municipais de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu e non poder resultar derivada a infracción grave tipificada no art. 40.4.a) mentres tanto non se resolverse o procedemento sancionador R/S 97-14 a medio de Resolución firme e executiva, por tratarse de posibles infraccións continuadas no mantemento da E.D.A.R. de Bueu, suposto diametralmente distinto a aquel que nos ocupa, no que nos atopamos perante o incumprimento dun requirimento efectuado para o correcto mantemento de tales instalacións e, en atención ás deficiencias advertidas en auditoría de Augas de Galicia.

Debendo lembrarse o resultar as incidencias que se reflicten na Auditoría desenvolvida por "Idom" para Augas de Galicia correspondente ao cuarto trimestre do ano 2013 as de "O equipo de desinfección permanece apagado", "Unha das canles do biolóxico está baleira (fóra de servizo)", "Posible problema de filamentosas no reactor", e as recomendacións efectuadas as de "É recomendable contar cun rexistro de avarías que sexa independente dos partes de mantemento", "Destaca tamén a necesidade de poñer en marcha o equipo de desinfección UV, tendo en conta ademáis que o verquido se realiza a zona GAL", "Recoméndase estudar a posta en marcha da segunda canle biolóxica para afrontar con maior solvencia a redución de carga contaminante e o cumprimento dos límites de vertido



nas épocas de maior demanda e, en todo caso, manter a canle e os equipos en estado de operatividade”, “Os altos caudais e baixas cargas mostran unha forte dilución posiblemente causada en parte por unha rede de saneamento unitaria e en parte tamén por posibles infiltracións de augas parásitas. Aconséllase facer unha revisión da rede para detectar e subsanar estas entradas”, “Aconséllase realizar purgas máis frecuentes para tentar manter o fango rexuvenecido e limitar o problema das filamentosas”, “A mostra de auga bruta presenta unhas concentracións moi diluídas que indican fortes entradas de augas brancas na rede”, “As soprantes de aireación no pretratamento permanecen avariadas xa dende fai moitos meses. Nestas condicións o rendemento do desareador e desengraxador vese moi mermado e tanto as áreas como as graxas retiradas son unha pequena parte das que poderían extraerse coa aireación funcionando”, “O equipo UV na EDAR de Bueu leva parado dende a súa instalación no ano 2008”, “As teas do filtro de bandas presentan un desgaste importante”.

Resultando as actuacións contidas no requirimento efectuado por este Concello a “FCC AQUALIA, S.A.” a tal respecto as de:

- “Adecúe os parámetros da auga residual tratada á Directiva 91/271 e R.D. 509/1996.*
- Mellore o rexistro do parte de avarías e no rexistro de parámetros de operación amose un maior detalle, facéndoos independentes.*
- Poña en funcionamento o segundo reactor biolóxico.*
- Leve a cabo unha inspección da rede para detectar posibles infiltracións de augas parásitas, e subsane as posibles entradas.*
- Faga purgas máis frecuentes para manter as lamas rexuvenecidas e evitar o problema das filamentosas.*
- Poña en perfecto funcionamento os soprantes de aireación, no pretratamento.*
- Cambie as teas do filtro banda”.*

Debendo obviar polo que respectaría ós efectos do presente expediente sancionador os relativos á adecuación dos parámetros do auga tratada ás previsións da Directiva 91/271/CEE, do Consello, de data de 21 de maio, sobre o tratamento de augas residuais e Real Decreto 509/1996 nos termos anteriormente referidos, e constatándose no Informe técnico “Sobre contestación de AQUALIA, S.A. en relación a incumprimentos detectados pola auditoría periódica de Augas de Galicia (outubro-décembro 2013)” emitido pola mercantil “Lagares OCA, S.L.” en agosto de 2014 o incumprimento do requerido e a falta de xustificación do alegado en contrario por parte de “FCC AQUALIA, S.A.”, do cal se derivaría a incoación do expediente sancionador.

Debendo remitirnos igualmente ó “Informe sobre Expediente R/S 11-15. Incorrecta conservación das instalacións da EDAR de Bueu”, elaborado pola mercantil “Lagares OCA, S.A.” en xuño de 2015, no que se sinala:

“A EDAR Municipal de Bueu é unha depuradora biolóxica de fangos activados mediante sistema de aeración prolongada, cun reactor biolóxico configurado coma un canal de oxidación que posibilita a eliminación de nitróxeno por procedementos biolóxicos e de fósforo mediante precipitación química, acondicionamento e deshidratación de fangos mediante filtro banda.

O contratista sen argumentos que o sustente, quere variar os criterios de deseño da EDAR Municipal, establecido por Augas de Galicia no proxecto elaborado e executado no ano 2000, afirmando que “sobra” un dos canles do reactor biolóxico.



(...) A falta de mantemento ou deficiente explotación da EDAR de Bueu ponse de manifesto nos reiterados requirimentos de subsanación de defectos ou incumprimentos sen contestación efectiva por parte da concesionaria como pode ser:

- ✓ O non por en funcionamento a segunda canle.
- ✓ Non inspeccionar a rede, para detectar infiltracións de augas parásitas cara a EDAR.
- ✓ Presenza de flotantes no decantador secundario, sen tomar medidas para a súa redución.
- ✓ Non poñer en funcionamento o equipo de desinfección.

En resumo, non é certo que a E.D.A.R. Municipal se atope en perfecto estado de conservación e mantemento, e o seu funcionamento é óptimo como se menciona nas alegacións segundo o informe técnico de D. Casimiro Fontenla. Estas afirmacións están moi lonxe da realidade, sendo o E.D.A.R. unha planta de deficiente conservación e mantemento, a tenor das reiteradas mencións de distintos informes (...).

Do mesmo xeito e en sentido inverso, argumentan un mellor rendemento de funcionamento da estación de depuración sen poñer en funcionamento a segunda canle do reactor biolóxico, cando o seu funcionamento estaba deseñada no proxecto inicial, do E.D.A.R.; polo que o Técnico, contratado pola concesionaria non pode dicir que o funcionamento da planta é óptimo (...).

Achegando copia de dito Informe como Anexo a este Informe Xurídico, o cal o Instructor do expediente administrativo propón a súa incorporación a éste.

Debendo lembrar, a este respecto, o atoparnos ante un contrato de xestión de servizo público no cal o Concello de Bueu ostenta as facultades de policía para garantir a súa correcta prestación nos termos no art. 156.3 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas (que é a norma de aplicación á execución do contrato que nos ocupa tal e como se deriva das previsións da Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que deroga a anterior, ó prever que "Los expedientes de contratación iniciados y los contratos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la Ley 53 / 1999 , de 28 de diciembre (RCL 1999 , 3218) , se regirán por la normativa anterior"; resultando análogas as previsións transitorias das normas que posteriormente derogarían a ésta, isto é a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e o actualmente vixente Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o seu Texto Refundido ó referir que "Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán , en cuanto a sus efectos , cumplimiento y extinción , incluida su duración y régimen de prórrogas , por la normativa anterior"), no que se determina que "3 . En todo caso, la Administración conservará los poderes de policía necesarios para asegurar la buena marcha de los servicios de que se trate".

E, recoñecéndose de modo expreso no art. 19.9 do seu Prego rector que "Como consecuencia do poder de dirección e control municipal sobre o servizo obxecto de concesión, o Concello, dun xeito razonado e fundamentado mediante a emisión do correspondente Informe técnico poderá requirir do concesionario as obras de conservación, mantemento e renovación precisas".

Téndose incoado o presente procedemento, tal e como se sinalou anteriormente, a consecuencia de non ter sido atendido por parte de "FCC AQUALIA, S.A." o requirimento efectuado por ese Concello en orde á subsanación das deficiencias advertidas na Auditoría



desenvolvida por Augas de Galicia con respecto do cuarto trimestre do ano 2013 (outubro-decembro de 2013).

Resultando, en todo caso, indiferente o feito alegado de que por parte de Augas de Galicia, como Organismo de Cunca non se teña tramitado expediente sancionador algún polos feitos obxecto do presente expediente, ó non tratarse, como se pretende defender pola mercantil denunciada dun suposto vencellado á contaminación das augas tratadas.

III.- De conformidade ó establecido no art. 16 do Real Decreto 1398/1993:

*"1. Sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 3, los interesados dispondrán de un plazo de quince días para aportar cuantas alegaciones, documentos o informaciones estimen convenientes y, en su caso, **proponer prueba concretando los medios de que pretendan valerse**".*

Procedéndose pola representación de "FCC AQUALIA, S.A." no seu escrito de data de 8 de febreiro de 2016 a instar deste Concello solicitude de Informe á Entidade Pública Augas de Galicia con respecto a: descrición do estado e funcionamento da E.D.A.R de Bueu durante o cuarto trimestre do ano 2013, constatación de defectos de conservación e/ou mantemento e no funcionamento de dita instalación, así como de defectos no proceso de depuración, adecuación da utilización dunha soa canle de oxidación neste tipo de instalacións e avaliación da calidade da explotación.

Sinalándose no art. 17 de dito texto legal, que:

"1. Recibidas las alegaciones o transcurrido el plazo señalado en el artículo 16 el órgano instructor podrá acordar la apertura de un período de prueba , de conformidad con lo previsto en los artículos 80 y 137. 4 de la Ley 30 / 1992 (RCL 1992 , 2512 , 2775 y RCL 1993 , 246) de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, por un plazo no superior a treinta días ni inferior a diez días .

*2. **En el acuerdo, que se notificará a los interesados, se podrá rechazar de forma motivada la práctica de aquellas pruebas que en su caso, hubiesen propuesto aquéllos, cuando sean improcedentes de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 137.4 de la Ley 30 / 1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común .***

*3. La práctica de las pruebas que el órgano instructor estime **pertinentes**, entendiéndose por tales **aquellas distintas de los documentos que los interesados puedan aportar en cualquier momento de la tramitación del procedimiento**, se realizará de conformidad con lo establecido en el artículo 81 de la Ley 30 / 1992 de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común".*

Considerándose que debería ser calificada como impertinente a proba proposta por parte de "FCC AQUALIA, S.A." nos termos contemplados no apartado 3º do precepto supra transcrito por poder procederse pola súa parte á solicitude de requirimento por este Concello de Informe á Entidade Pública Augas de Galicia, o cal se trata de proba documental que pode ser solicitada por dita mercantil e aportada no momento en que se obteña no seo do presente procedemento e, improcedente nos termos do art. 137.4 da Lei 30/1992, no que se refire que "*Sólo podrán declararse improcedentes aquellas pruebas que por su relación con los hechos no puedan alterar la resolución final a favor del presunto responsable*"; cando resulta claro o contido do Informe de auditoría periódica correspondente ao cuarto trimestre do ano 2013 emitido pola mercantil "Idom, S.A." que obra no expediente administrativo, no que se advirten as deficiencias transcricas con anterioridade, sendo en relación con elas coas que se ten efectuado o requirimento non atendido que deu lugar á incoación do



expediente sancionador que nos ocupa. Polo cal, os extremos en relación cos cales se solicita emisión de tal Informe, en modo algún poderían alterar a resolución a ditar no presente expediente ó constar expresamente no citado Informe de auditoría periódica os extremos que se consideran debe ser rectificadas e sobre a base dos cales se requiría á concesionario o seu acomodo, non dando debido cumprimento ó requirido.

Interesando reproducir a este respecto pronunciamentos como a Sentencia do Tribunal Supremo de data de 13 de novembro de 1989 (Ponente Excmo. Sr. D. Pedro Esteban Álamo (RJ 1989/8185)), na que se contempla:

*«Para que la aducida denegación de medios de prueba en vía administrativa pudiera conducir a la nulidad del expediente, como pretenden los actores del recurso número 294/85, sería necesario que ello les hubiera producido una situación de indefensión, supuesto que no concurre en el presente caso, pues, por un lado, tales medios de prueba, que ni siquiera han concretado en esta vía jurisdiccional cuáles fueron, podían haberlos vuelto a proponer en este proceso, cosa que no han hecho, y, por otro, que **las únicas pruebas que deben practicarse en todo procedimiento administrativo son aquellas que conduzcan a acreditar hechos relevantes para la decisión del mismo** -artículo 88.1 de la Ley de Procedimiento Administrativo (RCL 1958\1258, 1469, 1504; RCL 1959\585 y NDL 24708)-, **circunstancia que tampoco concurría en los medios de prueba de que intentaron valerse en vía administrativa, pues mediante ellos se trataba de acreditar hechos** (tales como si las normas urbanísticas de Granada permiten la construcción de un tercio más de viviendas, la posibilidad de ser rehabilitados los edificios en cuestión, si con dicha rehabilitación se crearían más o menos puestos de trabajo que con la reedificación, la posición económica de los arrendatarios de los edificios o el número de viviendas desocupadas en dichos edificios) **que eran totalmente irrelevantes para lo que era materia propia de decisión en dicho expediente administrativo, por lo que fue ajustada a Derecho la denegación en vía administrativa de tales medios de prueba, dada la impertinencia de los mismos»**».*

Debendo incorporarse na Proposta de Resolución a ditar polo Instructor do expediente que nos ocupa apartado específico en análise da solicitude de medios probatorios efectuado por parte de "FCC AQUALIA, S.A." e decisión adoptada ó respecto.

IV.- Sendo o seguinte trámite que debe ter lugar, en consecuencia, o da formulación da Proposta de Resolución, tal e como se prevé no art. 18 de dito texto legal, co seguinte contido:

*«Concluida, en su caso, la prueba, el órgano instructor del procedimiento formulará **propuesta de resolución en la que se fijarán de forma motivada los hechos, especificándose los que se consideren probados y su exacta calificación jurídica, se determinará la infracción que, en su caso, aquéllos constituyan y la persona o personas que resulten responsables, especificándose la sanción** que propone que se imponga y las medidas provisionales que se hubieran adoptado, en su caso, por el órgano competente para iniciar el procedimiento o por el instructor del mismo; o bien se propondrá la declaración de no existencia de infracción o responsabilidad»*.

Resultando a definitiva concreción da conducta típica que debe ser realizada na Proposta de Resolución vinculada ó incumprimento do requirimento de adecuación das instalacións da



E.D.A.R. de Bueu nos termos derivados da Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia no cuarto trimestre do ano 2013.

Considerando tal conducta como debidamente acreditada en atención, de modo principal, ó contido do Informe técnico “Sobre posibles incumprimentos da concesionaria AQUALIA detectados pola auditoría periódica de Augas de Galicia (outubro 2013-décembro 2013)” emitido pola mercantil “Lagares Oca, S.L.” en abril de 2014 e Informe técnico “Sobre contestación de AQUALIA, S.A. en relación a incumprimentos detectados pola auditoría periódica de Augas de Galicia (outubro-décembro 2013)” emitido pola mercantil “Lagares OCA, S.L.” en agosto de 2014, así como tamén polo “Informe sobre Expediente R/S 11-15. Incorrecta conservación das instalacións da EDAR de Bueu” elaborado por dita mercantil emitido en xuño de 2015.

Resultando a súa calificación xurídica, a de incumprimento tras requirimento efectuado das obrigas que resultan impostas á concesionaria con respecto do mantemento das instalacións adscritas ó servizo, nos termos previstos no art. 19 do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu, no que se sinala que:

“1.O mantemento, conservación e renovación das infraestructuras adscritas ó servizo corresponderá ó concesionario, quen velará polo seu correcto funcionamento e tomará as medidas oportunas para que sempre se atope nas debidas condicións de uso”.

Así como no seu art. 25, ó contemplar:

*“O concesionario terá ó seu cargo a xestión do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de Bueu e o seu termo municipal, polo que deberá realizar tódalas actividades necesarias para un correcto funcionamento do mesmo á súa costa e, como mínimo, as seguintes: b) O **mantemento en bó estado de funcionamento do conxunto de instalacións** e obras e de tódalas que aporte o Concello ou o concesionario, directa ou indirectamente”.*

E, contemplándose no apartado 9 do citado art.19, nos termos anteriormente transcritos:

*“Como consecuencia do poder de dirección e control municipal sobre o servizo obxecto de concesión, o Concello, dun xeito razonado e fundamentado mediante a emisión do correspondente Informe técnico **poderá requirir do concesionario as obras de conservación, mantemento e renovación precisas”.***

Determinando o seu encaixe dentro da infracción moi grave tipificada no art. 40.3.i) correspondente con **“A situación de notorio descuido na conservación, mantemento e renovación das edificacións, instalacións e demais infraestructura básica afectada ós servizos, ben sexa de propiedade municipal ou aportada polo concesionario, sempre que mediase requereamento municipal para a subsanación de ditas deficiencias”.**

Sendo outro extremo a incluír na Proposta de Resolución a dictar a da concorrencia do requisito de culpabilidade establecido no art. 130 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que se sinala:

*“1. Sólo podrán ser sancionadas por hechos constitutivos de infracción administrativa las **personas físicas y jurídicas que resulten responsables** de los mismos aun a título de simple inobservancia”.*



Referindo como responsable da infracción referida á mercantil “FCC AQUALIA, S.A.”, concesionaria do servizo público de mantemento e saneamento do Concello de Bueu e, en atención ó anteriormente referido, aquela á que lle corresponde o correcto mantemento das instalacións a éste adscritas nos termos requeridos por este Concello.

E, propóndose de modo concreto a sanción a impor dentro do rango de entre 3.005,07 euros e 6.010,12 euros, nos termos previstos en dito art. 40 do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu, xuntamente co establecido no art. 131 da Lei 30/1992, no que se sinala que:

“1.Las sanciones administrativas, sean o no de naturaleza pecuniaria, en ningún caso podrán implicar, directa o subsidiariamente, privación de libertad.

2.El establecimiento de sanciones pecuniarias deberá prever que la comisión de las infracciones tipificadas no resulte más beneficioso para el infractor que el cumplimiento de las normas infringidas.

*3.En la determinación normativa del régimen sancionador, así como en la **imposición de sanciones por las Administraciones Públicas se deberá guardar la debida adecuación entre la gravedad del hecho constitutivo de la infracción y la sanción aplicada, considerándose especialmente los siguientes criterios para la graduación de la sanción a aplicar:***

a) La existencia de intencionalidad o reiteración.

b) La naturaleza de los perjuicios causados.

c) La reincidencia, por comisión en el término de un año de más de una infracción de la misma naturaleza cuando así haya sido declarado por resolución firme”.

Debendo ser ponderada a entidade da infracción cometida polo Instructor do expediente para a imposición dunha sanción proporcionada.

Notificándose a Proposta de Resolución que se dicte co contido anteriormente referido a “FCC AQUALIA, S.A.”, poñendo de manifesto o expediente para a súa análise e, concedendo prazo de 15 días para a formulación de alegacións, nos termos previstos no art. 19 do Real Decreto 1398/1993.

Sendo o seguinte trámite a desenvolver, unha vez recibidas tales alegacións ou transcurrido o prazo concedido sen resultar formalizadas, o do ditame de Resolución do expediente (por parte do Pleno do Concello por tratarse de infracción moi grave, tal e como se determina no art. 40 do Prego rector da concesión), e nos termos que se prevén no art. 20 de dito texto legal, no que se sinala:

- 1. Antes de dictar resolución, el órgano competente para resolver podrá decidir, mediante acuerdo motivado, la realización de las actuaciones complementarias indispensables para resolver el procedimiento. El acuerdo de realización de actuaciones complementarias se notificará a los interesados, concediéndoles un plazo de siete días para formular las alegaciones que tengan por pertinentes. Las actuaciones complementarias deberán practicarse en un plazo no superior a quince días. El plazo para resolver el procedimiento quedará suspendido hasta la terminación de las actuaciones complementarias. No tendrán la consideración de actuaciones complementarias los informes que preceden inmediatamente a la resolución final del procedimiento.*



2. **El órgano competente dictará resolución que será motivada y decidirá todas las cuestiones planteadas por los interesados y aquellas otras derivadas del procedimiento.** La resolución se formalizará por cualquier medio que acredite la voluntad del órgano competente para adoptarla.

La resolución se adoptará en el plazo de diez días, desde la recepción de la propuesta de resolución y los documentos, alegaciones e informaciones obrantes en el procedimiento, salvo lo dispuesto en los puntos 1 y 3 de este artículo.

3. En la resolución no se podrán aceptar hechos distintos de los determinados en la fase de instrucción del procedimiento, salvo los que resulten, en su caso, de la aplicación de lo previsto en el número 1 de este artículo, con independencia de su diferente valoración jurídica. No obstante, cuando el órgano competente para resolver considere que la infracción reviste mayor gravedad que la determinada en la propuesta de resolución, se notificará al inculpado para que aporte cuantas alegaciones estime convenientes, concediéndosele un plazo de quince días.
4. Las resoluciones de los procedimientos sancionadores, además de contener los elementos previstos en el [artículo 89.3](#) de la [Ley 30/1992 \(RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246\)](#) de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, incluirán la valoración de las pruebas practicadas, y especialmente de aquellas que constituyan los fundamentos básicos de la decisión fijarán los hechos y, en su caso, la persona o personas responsables, la infracción o infracciones cometidas y la sanción o sanciones que se imponen, o bien la declaración de no existencia de infracción o responsabilidad.
5. Las resoluciones se notificarán a los interesados. Si el procedimiento se hubiese iniciado como consecuencia de orden superior o petición razonada, la resolución se comunicará al órgano administrativo autor de aquélla.
6. **Si no hubiese recaído resolución transcurridos seis meses desde la iniciación, teniendo en cuenta las posibles interrupciones de su cómputo por causas imputables a los interesados o por la suspensión del procedimiento a que se refieren los [artículos 5 y 7](#), se iniciará el cómputo del plazo de caducidad** establecido en el [artículo 43.4](#) de la [Ley 30/1992](#), de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Transcurrido el plazo de caducidad, el órgano competente emitirá, a solicitud del interesado, certificación en la que conste que ha caducado el procedimiento y se ha procedido al archivo de las actuaciones”.

Debendo resultar dictada, en consecuencia, tal Resolución ós efectos de evitar a caducidade do procedemento (debendo terse presente a estes efectos as previsións do art. 44.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que se sinala que “En los procedimientos en que la Administración ejercite potestades sancionadoras o, en general, de intervención , susceptibles de producir efectos desfavorables o de gravamen , se producirá la caducidad . En estos casos, la resolución que declare la caducidad ordenará el archivo de las actuaciones , con los efectos previstos en el artículo 92”), antes do 8 de xullo de 2016.

Polo que, en consideración ós antecedentes que forman parte deste expediente, o actuado ata esta data no expediente sancionador R/S82-15, e informe xurídico de 19.02.16, con



entrada no Rexistro Xeral co Concello de Bueu o 26.02.16 (RE 1297), co obxecto de determinar o sentido que se considera debería ser ditada a proposta de Resolución de expediente sancionador R/S82-15, incoado con data 8 de Xaneiro de 2016 fronte a FCC Aqualia S.A, con respecto ó incumprimento de requerimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu, na Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia, correspondente co cuarto trimestre de 2013

En canto instrutor do expediente sancionador R/S82-15 nomeado mediante Resolución adoptada polo Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Bueu con data 8 de Xaneiro de 2016, VEÑO EN PROPOÑER ó Pleno da Corporación Municipal do Concello de Bueu, no seo do expediente sancionador R/S82-15, a adopción do seguinte cordo, na cal se determina de modo definitivo:

- a) A descrición da conducta típica que, de conformidade ó establecido no informe xurídico elaborado, que tivo entrada no Rexistro Municipal 19.06.15 (RE 4813), e informes de Lagares con entrada no Rexistro Municipal con datas 22.08.14 (RE 5932) e 11.06.15 (RE 4577), xurídico de 08.10.14 (RE 7195), 20.01.15 (RE 369), 19.06.15 (RE 4813) e 24.07.15 (RE 5794), informe xurídico de 01.12.15 (RE 9955) sobre caducidade de expediente sancionador R/S11-15, Informe xurídico de 30.12.15 (RE10576), que rectifica os erros advetidos en informe xurídico sobre caducidade de expediente sancionador R/S11-15., e informe xurídico de 26.02.16 (RE 1297) para proposta de Resolución Expediente Sancionador R/S82-15.
Debe ir vencellada ó incumprimento do requerimento efectuado en orde á decuación das instalacións da E.D.A.R. de Bueu, nos termos derivados da Auditoría desenvolvida por parte de Augas de Galicia no cuarto trimestre do ano 2013, e con remisión ós informes emitidos por "Lagares Oca S.L." en Abril de 2014, agosto de 2014 e xuño de 2015, como acreditativos do feito típico imputado.
- b) A calificación xurídica da infracción cometida e tipificación desta: Infracción MOI GRAVE por contravención das obrigas de conservación e mantemento das instalacións descritas ó servizo de abastecemento e saneamento tras requerimento formulado pola Administración titular do servizo, de conformidade ó apartado 40.3.i do Prego de condicións económico administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu, no que se refire "A situación de notorio descuido na conservación, mantemento e renovación das edificacións, instalacións e demais infraestruturas básicas afectadas ós servizos, ben sexa de propiedade municipal ou aportada polo concesionario, sempre que mediase requerimento municipal par a subsanación de ditas deficiencias. A responsabilidade de "FCC Aqualia S.A." ó respecto en atención a súa condición de concesionaria, determinándose de modo concreto a sanción a impor dentro do rango fixado en tal prego.
- c) Sancionar á Mercantil Aqualia Gestión Integral del Agua SA, agora FCC Aqualia S.A. cambio de denominación social comunicado ó concello con data 11 de Xuño de 2014 (RE 4152), cunha multa de 6.010€ tipificada no capítulo VII (Faltas, Sancións e réxime xurídico), condición num. 40.3.i do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas a rexer no concurso para a adxudicación do contrato de xestión, mediante concesión administrativa dos servizos municipais de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida depuración e verquido de augas residuais, aprobadas polo Pleno da corporación Municipal con data 2 de febreiro de 2000.
- d) Denegar en base ás consideracións referidas en informe xurídico de 26.02.16 (RE 1297), a solicitude de FCC Aqualia S.A, contida nas alegacións presentadas con data 08.02.16 (RE 832), á incoación deste expediente sancionador, de que o Concello solicite a Augas



- de Galicia que, por parte da súa asistencia técnica ó control e Asesoramento á Explotación das instalacións de Depuración de Augas Residuais de Galicia, á vista do seu informe de auditoría de Outubro-Dicembro 2013, realizado respecto da E.D.A.R. de Bueu, se contesten e aclaren distintas cuestións referidas na súa petición.
- d) Poñer de manifesto o expediente para a súa análise á Mercantil Aqualia Gestión Integral del Agua SA, agora FCC Aqualia S.A. cambio de denominación social comunicado ó concello con data 11 de Xuño de 2014 (RE 4152), e outorgar un prazo de quince días para alegacións, nosterms previstos no art. 19 do Real Decreto 1398/1993, que estime conveniente en defensa dos seus dereitos, tras o cal deberá ser ditada Resolución do Procedemento antes do 8 de Xullo de 2016, para evitar a caducidade deste”

Visto que D. David Soneira Fernández, en representación de FCC Aqualia S.A. con data 30 de Marzo de 2016 (RE 2226), presenta ALEGACIÓNS á proposta de Resolución do instructor do expediente sancionador R/S82-15.

Visto o informe xurídico de Calixto Escariz de 21 de Abril de 2016, que tivo entrada no Rexistro Municipal con data 28.04.16 (RE 3123), ó obxecto de determinar o sentido no que se considera debería ser ditada a Resolución do expediente sancionador R/S82-15, incoado en ata 08.01.16 fronte a FCC Aqualia S.A., con respecto do incumprimento de requirimento remitido en orde á subsanación de deficiencias advertidas na auditoría periódica desenvolvida por Augas de Galicia correspondente ó cuarto trimestre do ano 2013.

Nos seguinte termos:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- En abril de 2014, por parte da mercantil “*Lagares OCA, S.L.*” se emitiría “Informe técnico sobre incumprimentos da concesionaria AQUALIA detectados pola auditoría periódica de Augas de Galicia (outubro 2013-dicembro 2013)” no cal se determinaba o contido do requirimento que se debía efectuar por ese Concello á concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento municipal para eliminar tales deficiencias polo Organismo de Cunca.

En data de 22 de abril de 2015, por parte da Alcaldía-Presidencia do Concello de Bueu se incoa procedemento sancionador R/S11-15 fronte a “*FCC AQUALIA, S.A.*” con respecto do incumprimento de requirimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu na citada auditoría periódica, cualificando a conducta típica como “infracción moi grave” tipificada no art. 40.3.i) do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu sobre a base dos extremos apreciados en Informe técnico “Sobre contestación de AQUALIA, S.A. en relación a incumprimentos detectados pola auditoría periódica de Augas de Galicia (outubro-dicembro 2013)” emitido pola mercantil “*Lagares OCA, S.L.*” en agosto de 2014, concedéndose á mercantil infractora prazo de 15 días para a formulación de alegacións e presentación de documentación oportuna.

Procedéndose en debido termo pola representación de “*FCC AQUALIA, S.A.*” á presentación de escrito de alegacións con respecto do citado Acordo de Incoación.

Resultando ditada en data 23 de xuño de 2015, polo Instructor do expediente Proposta de Resolución con relación ós precitados feitos, cualificando a infracción cometida como moi grave tipificada no art. 40.3.i) do Prego de condicións económico-administrativas e de



prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu, e, como sanción a impor a de 6.010 euros e, concedendo prazo de 15 días a “FCC AQUALIA, S.A.” para a formulación de alegacións.

Procedéndose en debido termo pola representación de “FCC AQUALIA, S.A.” á presentación de escrito de alegacións con respecto de tal Proposta de Resolución.

Resultando emitido por este Despacho profesional en data de 20 de xullo de 2015 Informe Xurídico sobre a Resolución de dito expediente sancionador e, en data de 24 de novembro de 2015, Informe Xurídico no cal se determina deber procederse por ese Concello, a medio de Resolución do seu Alcalde-Presidente, a decretar a caducidade do procedemento sancionador R/S 11-15 por ter transcurrido o prazo máximo legalmente establecido para a súa Resolución e seu subseguinte arquivo e, ó mesmo tempo, por razón de economía procesual, non tendo prescrito a infracción imputada, determinar nova incoación de procedemento sancionador con respecto da conducta típica de incumprimento de requirimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu na Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia correspondente co cuarto trimestre do ano 2013 (outubro-décembro de 2013), determinando manterse os Informes Técnicos e Informes Xurídicos referidos no apartado III de dito Informe Xurídico e, contendo os extremos establecidos no art. 13 do Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora, dando novo prazo para alegacións á mercantil precitada e prazo de recurso administrativo e xudicial en relación coa decisión de caducidade e arquivo.

Efectuándose en data de 21 de decembro de 2015 Nota de rectificación de erros materiais con respecto da incorrecta transcripción en parte de dito Informe Xurídico do ano do expediente de referencia.

Segundo.- En data de 8 de xaneiro de 2016, o Alcalde-Presidente do Concello de Bueu Acorda resolver a caducidade do expediente sancionador R/S11-15 e incoar novo procedemento sancionador de referencia R/S82-15, con respecto da conducta típica de incumprimento de requirimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu na Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia correspondente co cuarto trimestre do ano 2013 (outubro-décembro de 2013), referindo os Informes que da tramitación do expediente R/S11-15 se manteñen e concedendo prazo de alegacións á representación de “FCC AQUALIA, S.A.”.

Procedéndose por parte de dita mercantil en debido termo (sendo notificado dito Acordo en data de 21 de xaneiro de 2016 e presentado escrito de alegacións en data de 8 de febreiro de 2016), á presentación de escrito de alegacións no cal se refire:

- Se efectúa remisión ós escritos de alegacións presentados no seo do expediente sancionador R/S11-15 en data de 18 de maio de 2015 e 15 de xullo de 2015.
- Se considera que, en todo caso, se debe partir do contido da Auditoría desenvolvida por Augas de Galicia no cuarto trimestre do ano 2013, instando a solicitude de Informe aclaratorio por parte de dita Entidade Pública con respecto a: descrición do estado e funcionamento da E.D.A.R de Bueu durante o cuarto trimestre do ano 2013, constatación de defectos de conservación e/ou mantemento e no funcionamento de dita instalación, así como de defectos no proceso de depuración, adecuación da utilización dunha soa canle de oxidación neste tipo de instalacións e avaliación da calidade da explotación.



- Solicitando como medio probatorio que este Concello requira o Informe precitado á Entidade Pública Augas de Galicia.

Terceiro.- En data de 19 de febreiro de 2016 se emitiría por este Despacho Profesional Informe Xurídico no que se propón ditar Proposta de Resolución no seo do expediente sancionador R/S82-15 vencellada ó incumprimento do requirimento efectuado en orde á adecuación das instalacións da E.D.A.R. de Bueu nos termos derivados da Auditoría desenvolvida por parte de Augas de Galicia no cuarto trimestre do ano 2013 e con remisión ós Informes emitidos por “*Lagares O.C.A., S.L.*” en abril de 2014, agosto de 2014 e xuño de 2015 como acreditativos do feito típico imputado, resultando a calificación xurídica da infracción cometida e tipificación desta: infracción moi grave por contravención das obrigas de conservación e mantemento das instalacións adscritas ó servizo de abastecemento e saneamento tras requirimento formulado pola Administración titular do servizo de conformidade ó apartado 40.3.i) do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu, no que se refire “**A situación de notorio descuido na conservación, mantemento e renovación das edificacións, instalacións e demais infraestrutura básica afectada ós servizos, ben sexa de propiedade municipal ou aportada polo concesionario, sempre que mediase requeremento municipal para a subsanación de ditas deficiencias**” e responsabilidade de “*FCC AQUALIA, S.A.*” ó respecto en atención á súa condición de concesionaria; determinándose de modo concreto a sanción a impor dentro do rango fixado en tal prego.

En data de 8 de marzo de 2016, polo Instructor do expediente se ditou Proposta de Resolución con relación ós precitados feitos, cualificando a infracción cometida como moi grave tipificada no art. 40.3.i) do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu, determinando como sanción a impor a de 6.010 euros e, concedendo prazo de 15 días a “*FCC AQUALIA, S.A.*” para a formulación de alegacións. Procedéndose por dita mercantil á presentación de escrito de alegacións en debido termo (por ter sido notificada a Proposta de Resolución en data de 10 de marzo de 2016 e ser a data de presentación de tal escrito a de 30 de marzo de 2016), no cal:

- Se remite ó alegado nos escritos presentados no seo do expediente.
- Se determina a procedencia e necesidade da proba solicitada no escrito de alegacións ó Acordo de Incoación, calificando a negativa á súa práctica como vulneración do dereito de defensa, considerando ser o máis lóxico a solicitude polo Concello de Bueu e determínase a súa relevancia en atención ó feito de aclarar se existen as deficiencias en relación coas cales se efectuou requirimento.
- Se solicita novamente recabar Informe a Augas de Galicia en relación co funcionamento da E.D.A.R. de Bueu no cuarto trimestre do ano 2013.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Remitíndose a representación de “*FCC AQUALIA, S.A.*” no trámite de audiencia desenvolvido con respecto da Proposta de Resolución ditada en data de 8 de marzo de 2016 no seo do expediente sancionador obxecto do presente Informe Xurídico ás alegacións expostas nos anteriores escritos por esta presentados, tendo sido analizado no Informe Xurídico emitido por este Despacho profesional en data de 19 de febreiro de 2016, ademáis do contido do escrito de alegacións por ésta presentado con respecto do Acordo de



Incoación do presente procedemento sancionador o do presentado no seo do expediente sancionador R/S11-15, sen que poida considerarse efectuado o rexeitamento de plano referido por dita mercantil, debe procederse á análise no presente Informe Xurídico, en atención á remisión efectuada (e, por non ter sido analizado no precitado Informe Xurídico de data de 19 de febreiro de 2016 por tratarse de alegacións efectuadas con respecto da Proposta de Resolución do expediente sancionador R/S11-15), o contido do escrito presentado a tal respecto por parte de "FCC AQUALIA, S.A." en data de 15 de xullo de 2015, conxuntamente co do escrito presentado en data de 30 de marzo de 2016.

Debendo sinalar, polo que respectaría ó manifestado no escrito de alegacións de data de 15 de xullo de 2015, non ter sido seguido o expediente en modo algún con respecto á contaminación das mostras de auga tratada analizadas na auditoría desenvolvida por Augas de Galicia con respecto do terceiro trimestre do ano 2013 senon, con respecto do incumprimento de requirimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da E.D.A.R. de Bueu en tal auditoría.

Tratándose, en consecuencia, de defectos no funcionamento das instalacións da E.D.A.R. de Bueu constatados por mercantil encargada por parte do Organismo de Cunca (Augas de Galicia) do desenvolvemento das Auditorías trimestrais de explotación deste tipo de instalacións, sendo o requirido polo Concello de Bueu a adecuación do funcionamento da E.D.A.R. de Bueu en corrección do advertido en tal Auditoría, o cal resultaría incumplido por parte da mercantil concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello de Bueu, nos termos que se derivan do seu escrito de data de 17 de xullo de 2014, no cal se determina a motivación de non cumprir co requirido, resultando absolutamente indiferente a constatación ou non neste caso de contaminación do efluente, a cal, en modo algún motivaría o expediente.

Debendo lembrarse resultar as incidencias que se reflicten na Auditoría desenvolvida por "Idom" para Augas de Galicia correspondente ao cuarto trimestre do ano 2013 as de "O equipo de desinfección permanece apagado", "Unha das canles do biolóxico está baleira (fóra de servizo)", "Posible problema de filamentosas no reactor", e as recomendacións efectuadas as de "É recomendable contar cun rexistro de avarías que sexa independente dos partes de mantemento", "Destaca tamén a necesidade de poñer en marcha o equipo de desinfección UV, tendo en conta ademáis que o verquido se realiza a zona GAL", "Recoméndase estudar a posta en marcha da segunda canle biolóxica para afrontar con maior solvencia a redución de carga contaminante e o cumprimento dos límites de vertido nas épocas de maior demanda e, en todo caso, manter a canle e os equipos en estado de operatividade", "Os altos caudais e baixas cargas mostran unha forte dilución posiblemente causada en parte por unha rede de saneamento unitaria e en parte tamén por posibles infiltracións de augas parásitas. aconséllase facer unha revisión da rede para detectar e subsanar estas entradas", "aconséllase realizar purgas máis frecuentes para tentar manter o fango rexuvenecido e limitar o problema das filamentosas", "A mostra de auga bruta presenta unhas concentracións moi diluídas que indican fortes entradas de augas brancas na rede", "As soprantes de aireación no pretratamento permanecen avariadas xa dende fai moitos meses. Nestas condicións o rendemento do desareador e desengraxador vese moi mermado e tanto as áreas como as graxas retiradas son unha pequena parte das que poderían extraerse coa aireación funcionando", "O equipo UV na EDAR de Bueu leva parado dende a súa instalación no ano 2008", "As teas do filtro de bandas presentan un desgaste importante".



Resultando as actuacións concretas contidas no requirimento efectuado por este Concello a "FCC AQUALIA, S.A." a tal respecto as de:

- *Mellore o rexistro do parte de avarías e no rexistro de parámetros de operación amose un maior detalle, facéndoos independentes.*
- *Poña en funcionamento o segundo reactor biolóxico.*
- *Leve a cabo unha inspección da rede para detectar posibles infiltracións de augas parásitas, e subsane as posibles entradas.*
- *Faga purgas máis frecuentes para manter as lamas rexuvenecidas e evitar o problema das filamentosas.*
- *Poña en perfecto funcionamento os soprantes de aireación, no pretratamento.*
- *Cambie as teas do filtro banda".*

As cales non resultarían cumpridas, motivo polo cal se daría lugar á incoación do expediente sancionador obxecto do presente Informe Xurídico.

Tendo sido debidamente expostos na Proposta de Resolución ditada en data de 8 de marzo de 2016 os motivos técnicos que determinan non ter sido debidamente cumprido o requerido, de conformidade ó exposto no Informe técnico "Sobre contestación de AQUALIA, S.A. en relación a incumprimentos detectados pola auditoría periódica de Augas de Galicia (outubro-décembro 2013)" emitido pola mercantil "Lagares OCA, S.L." en agosto de 2014 e "Informe sobre Expediente R/S 11-15. Incorrecta conservación das instalacións da EDAR de Bueu" emitido por "Lagares OCA, S.L." en xuño de 2015, así como as fundamentacións xurídicas sobre as que se sustenta a conformidade a dereito da formulación de tal requirimento, ó determinarse no art. 156.3 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas (que é a norma de aplicación á execución do contrato que nos ocupa tal e como se deriva das previsións da Disposición Transitoria Primeira do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que deroga á anterior, ó prever que "Los expedientes de contratación iniciados y los contratos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la Ley 53 / 1999 , de 28 de diciembre (RCL 1999 , 3218) , se regirán por la normativa anterior"; resultando análogas as previsións transitorias das normas que posteriormente derogarían a ésta, isto é a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e o actualmente vixente Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o seu Texto Refundido ó referir que "Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán , en cuanto a sus efectos , cumplimiento y extinción , incluida su duración y régimen de prórrogas , por la normativa anterior"), que "3. En todo caso, la Administración conservará los poderes de policía necesarios para asegurar la buena marcha de los servicios de que se trate"

E, recoñecéndose de modo expreso no art. 19.9 do seu Prego rector que "Como consecuencia do poder de dirección e control municipal sobre o servizo obxecto de concesión, o Concello, dun xeito razonado e fundamentado mediante a emisión do correspondente Informe técnico podrá requirir do concesionario as obras de conservación, mantemento e renovación precisas".

Extremos éstos en relación cos cales nada se argumenta no escrito de alegacións presentado en data de 15 de xullo de 2015 ó igual que no presentado en data de 30 de marzo de 2016.

Con respecto das alegacións que se efectúan pola representación de "FCC AQUALIA, S.A." no seu escrito de data de 30 de marzo de 2016 con respecto da procedencia e necesidade



da proba solicitada, sinalar ter sido debidamente analizada a súa procedencia e pertinencia no Informe Xurídico emitido por este Despacho profesional en data de 19 de febreiro de 2016 e na Proposta de Resolución ditada polo Instructor do expediente en data de 8 de marzo de 2013 (contemplando expresa referencia motivada en relación a este extremo), partindo das previsións do art. art. 17 do Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora, no que se determina que:

“1. Recibidas las alegaciones o transcurrido el plazo señalado en el artículo 16, el órgano instructor podrá acordar la apertura de un período de prueba, de conformidad con lo previsto en los artículos 80 y 137.4 de la Ley 30/1992 (RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246), de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común , por un plazo no superior a treinta días ni inferior a diez días .

2. En el acuerdo, que se notificará a los interesados , se podrá rechazar de forma motivada la práctica de aquellas pruebas que, en su caso, hubiesen propuesto aquéllos , cuando sean improcedentes de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 137. 4 de la Ley 30/1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común .

La práctica de las pruebas que el órgano instructor estime pertinentes, entendiéndose por tales aquellas distintas de los documentos que los interesados puedan aportar en cualquier momento de la tramitación del procedimiento, se realizará de conformidad con lo establecido en el artículo 81 de la Ley 30 / 1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común”.

Considerándose que debería ser calificada como impertinente a proba proposta por parte de “FCC AQUALIA, S.A.” nos termos contemplados no apartado 3º do precepto supra transcrito por poder procederse pola súa parte á solicitude de requirimento por este Concello de Informe á Entidade Pública Augas de Galicia, o cal se trata de proba documental que pode ser solicitada por dita mercantil e aportada no momento en que se obteña no seo do presente procedemento e, improcedente nos termos do art. 137.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que se refire que “*Sólo podrán declararse improcedentes aquellas pruebas que por su relación con los hechos no puedan alterar la resolución final a favor del presunto responsable*”; cando resulta claro o contido do Informe de auditoría periódica correspondente ao cuarto trimestre do ano 2013 emitido pola mercantil “Idom, S.A.” que obra no expediente administrativo, no que se advirten as deficiencias transcritas con anterioridade, sendo en relación con elas coas que se ten efectuado o requirimento non atendido que deu lugar á incoación do expediente sancionador que nos ocupa. Polo cal, os extremos en relación cos cales se solicita emisión de tal Informe, en modo algún poderían alterar a resolución a ditar no presente expediente ó constar expresamente no citado Informe de auditoría periódica os extremos que se consideran debe ser rectificadas e sobre a base dos cales se requiría á concesionario o seu acomodo, non dando debido cumprimento ó requirido.

Sendo o alegado en contra por parte da representación de “FCC AQUALIA, S.A.” no seu escrito de alegacións de data de 30 de marzo de 2016 considerar como “*lo más lógico, a la vez que operante y procedente*” que “*sea el mismo Ayuntamiento quien tramite dicha solicitud*”, sen efectuarse pola súa parte o máis mínimo intento de recabar tal Informe de



Augas de Galicia, cando se trata dunha proba documental que por éste podería ser aportada.

E, en relación coa calificación da súa “improcedencia”, sinalarse ser o pretendido que por parte de “la Auditoria de Augas de Galicia, aclare si realmente existen las presuntas deficiencias que refiere el técnico informante externo del Concello”, cando, tal e como se ten reproducido con anterioridade, resulta claro o contido da Auditoría desenvolvida para Augas de Galicia en relación coas instalacións da E.D.A.R. de Bueu respecto do cuarto trimestre do ano 2013 no senso de determinar aqueles extremos que implicarían un incorrecto funcionamento de ditas instalacións; debendo engadirse, ademáis, ostentar o Concello de Bueu a potestade de interpretación contractual con respecto do que se debe entender como correcto ou incorrecto mantemento das instalacións adscritas ó servizo de abastecemento e saneamento municipal, nos termos que se derivan do art. 60 da Lei 13/1995 e art. 51 do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu. E, sen que se poida obviar o feito de ser a conducta típica obxecto do expediente sancionador que os ocupa a vencellada ó incumprimento por parte de “FCC AQUALIA, S.A.” do requirimento efectuado en orde á subsanación de tales deficiencias.

Interesando reproducir a este respecto pronunciamentos como a Sentencia do Tribunal Supremo de data de 13 de novembro de 1989 (Ponente Excmo. Sr. D. Pedro Esteban Álamo (RJ 1989/8185)), na que se contempla:

*“«Para que la aducida denegación de medios de prueba en vía administrativa pudiera conducir a la nulidad del expediente, como pretenden los actores del recurso número 294/85, sería necesario que ello les hubiera producido una situación de indefensión, supuesto que no concurre en el presente caso, pues, por un lado, tales medios de prueba, que ni siquiera han concretado en esta vía jurisdiccional cuáles fueron, podían haberlos vuelto a proponer en este proceso, cosa que no han hecho, y, por otro, que **las únicas pruebas que deben practicarse en todo procedimiento administrativo son aquellas que conduzcan a acreditar hechos relevantes para la decisión del mismo** -artículo 88.1 de la Ley de Procedimiento Administrativo ([RCL 1958\1258](#), 1469, 1504; [RCL 1959\585](#) y ND L 24708)-, **circunstancia que tampoco concurría en los medios de prueba de que intentaron valerse en vía administrativa, pues mediante ellos se trataba de acreditar hechos** (tales como si las normas urbanísticas de Granada permiten la construcción de un tercio más de viviendas, la posibilidad de ser rehabilitados los edificios en cuestión, si con dicha rehabilitación se crearían más o menos puestos de trabajo que con la reedificación, la posición económica de los arrendatarios de los edificios o el número de viviendas desocupadas en dichos edificios) **que eran totalmente irrelevantes para lo que era materia propia de decisión en dicho expediente administrativo, por lo que fue ajustada a Derecho la denegación en vía administrativa de tales medios de prueba, dada la impertinencia de los mismos»”.***

Así como a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Murcia de data de data de 5 de abril de 2000 (Ponente Ilmo. Sr. D. Joaquín Moreno Grau (JUR 2000/141554)), na que se determina:



*“Hay que tener en cuenta al respecto que **el art. 17.2 del Reglamento de procedimiento para el ejercicio de la potestad sancionadora, aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, posibilita no recibir el expediente a prueba en acuerdo motivado cuando las propuestas por el interesado sean improcedentes** de acuerdo con lo dispuesto en el art. 137. 4 de la Ley 30/92 (en igual sentido se pronuncia el art. 13.1 del R.D. 320/94, de 25 de febrero, que aprueba el Reglamento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial)”.*

Ou a Sentencia do Tribunal de Xustiza de Madrid de data de 30 de xuño de 2004 (Ponente Ilma. Sra. Dna. Carmen Rodríguez Rodrigo (RJCA 2004/960)), na que se contempla:

*“Sobre este particular, es reiterada doctrina jurisprudencial (S. T. S. de 7 de abril de 1981 [RJ 1981, 1820]) que **«los interesados carecen del derecho de imponer al órgano instructor la práctica de las pruebas que este no considere relevantes o pertinentes»**, y la de 8 de mayo de 1986 (RJ 1986, 2355) , afirma que **«no es misión del instructor practicar las pruebas que se soliciten sean las que fuesen, sino tan sólo las que conduzcan al esclarecimiento de los hechos y a determinar la responsabilidades de sanción»**, y por tanto si el instructor del expediente, dentro de la libertad de apreciación, estimó las pruebas propuestas como innecesarias, con tal decisión, lejos de vulnerar norma alguna, se limitó a ejercer las potestades que le confiere nuestro ordenamiento jurídico”.*

E, sen que, en modo algún poida resultar admitida a solicitude que novamente se efectúa no escrito de alegacións de data de 30 de marzo de 2016 pola representación de “FCC AQUALIA, S.A.” de emisión de Informe por parte de Augas de Galicia en contestación ás cuestións que se refiren no outrosí de dito escrito, ó ser solamente na fase de alegacións con respecto do Acordo de Incoación cando se pode propor actividade probatoria (e, lembremos, ten sido debidamente adoptada Resolución motivada por parte do Instructor do expediente con respecto da mesma solicitude efectuada a medio de outrosí no escrito de alegacións ó Acordo de Incoación), tal e como se reflicte no art. 16.1 do Real Decreto 1398/1993, no que se sinala:

*“1.Sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 3, los interesados dispondrán de un plazo de quince días para aportar cuantas alegaciones, documentos o informaciones estimen convenientes y, en su caso, **proponer prueba concretando los medios de que pretendan valerse**. En la notificación de la iniciación del procedimiento se indicará a los interesados dicho plazo”.*

II.- En atención ó exposto, seguindo o determinado na Proposta de Resolución, se considera suficientemente xustificada a comisión por parte de “FCC AQUALIA, S.A.” dunha infracción tipificada no art. 40.3.i) do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu por “A **situación de notorio descuido na conservación, mantemento e renovación das edificacións, instalacións e demais infraestrutura básica afectada ós servizos, ben sexa de propiedade municipal ou aportada polo concesionario, sempre que mediase requeremento municipal para a subsanación de ditas deficiencias**”, en atención ó incumprimento por parte de “FCC AQUALIA, S.A.” do requirimento efectuado en orde á subsanación dos extremos advertidos no Informe de Auditoría periódica elaborado por “Idom” para Augas de Galicia con respecto do cuarto trimestre do ano 2013.



Contemplándose no art. 19 de dito Prego:

“1.O mantemento, conservación e renovación das infraestructuras adscritas ó servizo corresponderá ó concesionario, quen velará polo seu correcto funcionamento e tomará as medidas oportunas para que sempre se atope nas debidas condicións de uso.

9.Como consecuencia do poder de dirección e control municipal sobre o servizo obxecto de concesión, o Concello, dun xeito razonado e fundamentado mediante a emisión do correspondente Informe técnico **podará requirir do concesionario as obras de conservación, mantemento e renovación precisas”.**

E, no seu art. 25:

“O concesionario terá ó seu cargo a xestión do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de Bueu e o seu termo municipal, polo que deberá realizar tódalas actividades necesarias para un correcto funcionamento do mesmo á súa costa e, como mínimo, as seguintes: b) O mantemento en bó estado de funcionamento do conxunto de instalacións e obras e de tódalas que aporte o Concello ou o concesionario, directa ou indirectamente”.

Referindo a concorrencia do requisito de culpabilidade establecido no art. 130 da Lei 30/1992, no que se sinala:

“1.Sólo podrán ser sancionadas por hechos constitutivos de infracción administrativa las *personas físicas y jurídicas que resulten responsables* de los mismos aun a título de simple inobservancia”.

Resultando responsable da infracción referida a mercantil “FCC AQUALIA, S.A.”, concesionaria do servizo público de mantemento e saneamento do Concello de Bueu e, en atención ó anteriormente referido aquela á que lle corresponde o cumprimento de requerido para o correcto mantemento das instalacións a éste adscritas.

Infracción ésta que pode resultar sancionada con **“multa en contía comprendida entre as cincocentas mil unha (enténdase 3.005,07 euros), e un millón de pts. (enténdase 6.010,12 euros) ou declara-la resolución do contrato por incumprimento do contratista”** nos termos referidos no art. 40.4 do Prego rector da concesión.

Polo cal, se considera acomodada a dereito a sanción que se refire na Proposta de Resolución en importe de 6.010 euros, resultando respetado o principio de proporcionalidade establecido no art. 131 da Lei 30/1992.

Debendo procederse polo Pleno dese Concello ó ditame de Resolución nos termos previstos no art. 20 do Real Decreto 1398/1993, no que se contempla:

“2.El órgano competente dictará resolución que será motivada y decidirá todas las cuestiones planteadas por los interesados y aquellas otras derivadas del procedimiento.

La resolución se formalizará por cualquier medio que acredite la voluntad del órgano competente para adoptarla.

La resolución se adoptará en el plazo de diez días, desde la recepción de la propuesta de resolución y los documentos, alegaciones e informaciones obrantes en el procedimiento, salvo lo dispuesto en los puntos 1 y 3 de este artículo.

3.En la resolución no se podrán aceptar hechos distintos de los determinados en la fase de instrucción del procedimiento, salvo los que resulten, en su caso, de la



aplicación de lo previsto en el número 1 de este artículo, con independencia de su diferente valoración jurídica. No obstante, cuando el órgano competente para resolver considere que la infracción reviste mayor gravedad que la determinada en la propuesta de resolución, se notificará al inculpado para que aporte cuantas alegaciones estime convenientes, concediéndosele un plazo de quince días.

4.Las resoluciones de los procedimientos sancionadores, además de contener los elementos previstos en el artículo 89.3 de la Ley 30/1992 (RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246) , de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, incluirán la valoración de las pruebas practicadas, y especialmente de aquellas que constituyan los fundamentos básicos de la decisión fijarán los hechos y, en su caso, la persona o personas responsables, la infracción o infracciones cometidas y la sanción o sanciones que se imponen, o bien la declaración de no existencia de infracción o responsabilidad”.

E, ós efectos de evitar a caducidade do procedemento (debendo terse presente a estes efectos as previsións do art. 44.2 da Lei 30/1992, no que se sinala que “En los procedimientos en que la Administración ejercite potestades sancionadoras o, en general, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables o de gravamen , se producirá la caducidad . En estos casos, la resolución que declare la caducidad ordenará el archivo de las actuaciones, con los efectos previstos en el artículo 92”), resultar ditada dita Resolución antes do 8 de xullo de 2016.

Debendo fixarse como réxime de impugnación de dita Resolución, na notificación que se curse a da posibilidade de interposición de recurso de reposición en prazo de 1 mes desde a data da notificación nos termos previstos no art. 117 da Lei 30/1992 ou ben, directamente, de recurso contencioso-administrativo en prazo de 2 meses, nos termos previstos no art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

CONCLUSIÓNS:

A xuízo deste Despacho profesional, en atención ó instruído no seo do expediente sancionador R/S82-15, resulta conforme a dereito que por parte do Pleno do Concello de Bueu se proceda ó ditame de Resolución finalizadora de dito expediente, con imposición de sanción á mercantil “FCC AQUALIA, S.A.” pola comisión dunha infracción moi grave tipificada no art. 40.3.i) do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu por incumprimento de requirimento remitido en orde á subsanación das deficiencias advertidas na auditoría periódica desenvolvida por Augas de Galicia correspondente co cuarto trimestre do ano 2013, correspondente con multa de 6.010 euros nos termos contemplados na Proposta de Resolución ditada en data de 8 de marzo de 2016. Debendo integrar o contido de dita Resolución, a cal debe ditarse antes do 8 de xullo de 2016, o exposto no apartado de antecedentes a consideracións xurídicas do presente Informe Xurídico.

De conformidade coa normativa de aplicación:

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.
- Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario



de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu.

Pola presente VEÑO EN PROPOÑER ó Pleno da Corporación Municipal do Concello de Bueu, no seo do expediente sancionador R/S82-15, a adopción do seguinte cordo, na cal se determina de modo definitivo:

- a) A descrición da conducta típica que, de conformidade ó establecido no informe xurídico elaborado, que tivo entrada no Rexistro Municipal 19.06.15 (RE 4813), e informes de Lagares con entrada no Rexistro Municipal con datas 22.08.14 (RE 5932) e 11.06.15 (RE 4577), xurídico de 08.10.14 (RE 7195), 20.01.15 (RE 369), 19.06.15 (RE 4813) e 24.07.15 (RE 5794), informe xurídico de 01.12.15 (RE 9955) sobre caducidade de expediente sancionador R/S11-15, Informe xurídico de 30.12.15 (RE10576), que rectifica os erros advertidos en informe xurídico sobre caducidade de expediente sancionador R/S11-15., e informe xurídico de 26.02.16 (RE 1297) para proposta de Resolucion Expediente Sancionador R/S82-15 e informe xurídico de 28.04.16 (RE 3123) para Resolución de expediente sancionador R/S82-15.
Debe ir vencellada ó incumprimento do requerimento efectuado en orde á decuación das instalacións da E.D.A.R. de Bueu, nos termos derivados da Auditoría desenvolvida por parte de Augas de Galicia no cuarto trimestre do ano 2013, e con remisión ós informes emitidos por "Lagares Oca S.L." en Abril de 2014, agosto de 2014 e xuño de 2015, como acreditativos do feito típico imputado.
- b) A calificación xurídica da infracción cometida e tipificación desta: Infracción MOI GRAVE por contravención das obrigas de conservación e mantemento das instalacións descritas ó servizo de abastecemento e saneamento tras requerimento formulado pola Administración titular do servizo, de conformidade ó apartado 40.3.i do Prego de condicións económico administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu, no que se refire "A situación de notorio descuido na conservación, mantemento e renovación das edificacións, instalacións e demais infraestrutura básica afectada ós servizos, ben sexa de propiedade municipal ou aportada polo concesionario, sempre que mediase requerimento municipal par a subsanación de ditas deficiencias. A responsabilidadede "FCC Aqualia S.A." ó respecto en atención a súa condición de concesionaria, determinándose de modo concreto a sanción a impor dentro do rango fixado en tal prego.
- c) Sancionar á Mercantil Aqualia Gestión Integral del Agua SA, agora FCC Aqualia S.A. cambio de denominación social comunicado ó concello con data 11 de Xuño de 2014 (RE 4152), cunha multa de 6.010 € tipificada no capítulo VII (Faltas, Sancións e réxime xurídico), condición num. 40.3.i do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas a rexer no concurso para a adxudicación do contrato de xestión, mediante concesión administrativa dos servizos municipais de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida depuración e verquido de augas residuais, aprobadas polo Pleno da corporación Municipal con data 2 de febreiro de 2000.
- d) Denegar en base ás consideracións referidas en informe xurídico de 26.02.16 (RE 1297), a solicitude de FCC Aqualia S.A, contida nas alegacións presentadas con data 08.02.16 (RE 832), á incoación deste expediente sancionador, de que o



Concello solicite a Augas de Galicia que, por parte da súa asistencia técnica ó control e Asesoramento á Explotación das instalacións de Depuración de Augas Residuais de Galicia, á vista do seu informe de auditoría de Outubro-Decembro 2013, realizado respecto da E.D.A.R. de Bueu, se contesten e aclaren distintas cuestións referidas na súa petición.

- e) ESTABLECER o seguinte prazo e formalidades de pago de dita sanción:
- Prazo de pago: 15 días hábiles a contar dende a data seguinte ó da recepción da notificación do presente acto. Transcorrido o prazo anterior sen haberse efectuado o ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de apremio.
 - Forma de realizar o ingreso: Unha vez recibida a notificación do presente acto, e dentro do prazo sinalado anteriormente, poderase efectuar o pago mediante ingreso, indicando o concepto, na seguinte conta corrente a nome do concello de Bueu: ES27 0030 6086 3403 7510 2273
- f) Notificar esta Resolución ó instructor do expediente, ó departamento de Tesourería Municipal e e ó interesado co réxime de recursos que contra o mesmo caben.”

Remata a introducción polo Sr. Alcalde, dalle a palabra ó Concelleiro Delegado de Facenda.

• **Sr. García Cuervo (BNG):**

Pasa a dar unha breve explicación de cómo surxe o expediente e como se chega a esta conclusión.

No 4º trimestre de 2013 Aguas de Galicia realiza unha auditoría, detectando importantes fallos na EDAR. Requírese a Aqualia para enmendar as deficiencias atopadas, pero a concesionaria incumpre con este requirimento.

O Concello solicitou a unha Enxeñería un informe técnico así como tamén xurídico e, a partires destes informes incóase un expediente sancionador dándolle un prazo a Aqualia para que presente alegacións, concluíndo o expediente coma falta moi grave.

O Alcalde, nas súas competencias, sanciona con 6.010 €.

Este expediente ven a Pleno porque as competencias delegadas na Comisión de Goberno acadan ata unha falta grave, considerándose esta como “moi grave”.

Así foi como se desenrolou este expediente.

De seguido o Sr. Alcalde-Presidente abre un turno de intervencións:

• **Sr. Villanueva González (SON):**

Alégrase de que a Aqualia se lle poñan as pilas, votando en falta que isto comezase no 2013 e remate agora en 2016, entendendo que nestes 3 anos quedou demostrado por parte de Aqualia que segue a incumplir nos anos 2015 e 2016 cando menos, polo que anunciamos o voto a favor desta proposta, parecéndonos incluso pequena a sanción.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Sinala que non se trata do primeiro expediente sancionador, senón que ao longo do tempo foron moitos, e a experiencia xudicial nestes momentos é que o Concello despois da resolución administrativa deses expedientes sancionadores loxicamente ten que seguir defendendo a súa tese en vía xudicial, habendo varios contenciosos-administrativos nos que a empresa sancionada interpuso a correspondente demanda contencioso-administrativa. Nos dous primeiros revogaron esa sanción económica imposta en vía administrativa por parte do Concello. A terceira delas a gañou. Trátase dun tema delicado que, a pesar de que constatemos en moitas ocasións que hai



deficiencias no funcionamento do servizo, non dagora nin do 2013, senón tamén de anos anteriores, o Concello ten que intentar tramitalo co maior grado neste caso de rigurosidade, para non cometer erros que ao final se volvan en contra nosa.

En todo caso, este é o primeiro que ven a Pleno porque, como ben acaba de dicir o Concelleiro Delegado, trátase unha infracción “moi grave”, sendo o Pleno quen ten as competencias sancionadoras neste caso.

É o motivo polo que ven este expediente e non os demais.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a proposta a votación ordinaria, nominal a man alzada, deuse o seguinte resultado:

- Votos a favor: 13 (12 dos Concelleiros do BNG-Asambleas Abertas e 1 de SON Bueu)
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 4 (3 dos Concelleiros do PP e 1 do PsdeG-PSOE)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de votos, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía de data 23 de maio de 2016, anteriormente transcrita, dispoñendo en consecuencia:

a) A descrición da conducta típica que, de conformidade ó establecido no informe xurídico elaborado, que tivo entrada no Rexistro Municipal 19.06.15 (RE 4813), e informes de Lagares con entrada no Rexistro Municipal con datas 22.08.14 (RE 5932) e 11.06.15 (RE 4577), xurídico de 08.10.14 (RE 7195), 20.01.15 (RE 369), 19.06.15 (RE 4813) e 24.07.15 (RE 5794), informe xurídico de 01.12.15 (RE 9955) sobre caducidade de expediente sancionador R/S11-15, Informe xurídico de 30.12.15 (RE10576), que rectifica os erros advetidos en informe xurídico sobre caducidade de expediente sancionador R/S11-15., e informe xurídico de 26.02.16 (RE 1297) para proposta de Resolución Expediente Sancionador R/S82-15 e informe xurídico de 28.04.16 (RE 3123) para Resolución de expediente sancionador R/S82-15.

Debe ir vencellada ó incumprimento do requerimento efectuado en orde á decuación das instalacións da E.D.A.R. de Bueu, nos termos derivados da Auditoría desenvolvida por parte de Augas de Galicia no cuarto trimestre do ano 2013, e con remisión ós informes emitidos por “Lagares Oca S.L.” en Abril de 2014, agosto de 2014 e xuño de 2015, como acreditativos do feito típico imputado.

b) A calificación xurídica da infracción cometida e tipificación desta: Infracción MOI GRAVE por contravención das obrigas de conservación e mantemento das instalacións descritas ó servizo de abastecemento e saneamento tras requerimento formulado pola Administración titular do servizo, de conformidade ó apartado 40.3.i do Prego de condicións económico administrativas e de prescricións técnicas rector da concesión do servizo municipal de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida, depuración e verquido de augas residuais no Concello de Bueu, no que se refire “A situación de notorio descuido na conservación, mantemento e renovación das edificacións, instalacións e demais infraestruturas básicas afectadas ós servizos, ben sexa de propiedade municipal ou aportada polo concesionario, sempre que mediase requerimento municipal par a subsanación de ditas deficiencias. A responsabilidade de “FCC Aqualia S.A.” ó respecto en atención a súa condición de concesionaria, determinándose de modo concreto a sanción a impor dentro do rango fixado en tal prego.



- c) Sancionar á Mercantil Aqualia Gestión Integral del Agua SA, agora FCC Aqualia S.A. cambio de denominación social comunicado ó concello con data 11 de Xuño de 2014 (RE 4152), cunha multa de 6.010 € tipificada no capítulo VII (Faltas, Sancións e réxime xurídico), condición num. 40.3.i do Prego de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas a rexer no concurso para a adxudicación do contrato de xestión, mediante concesión administrativa dos servizos municipais de captación, distribución e subministro domiciliario de auga potable e recollida depuración e verquido de augas residuais, aprobadas polo Pleno da corporación Municipal con data 2 de febreiro de 2000.
- d) Denegar en base ás consideracións referidas en informe xurídico de 26.02.16 (RE 1297), a solicitude de FCC Aqualia S.A, contida nas alegacións presentadas con data 08.02.16 (RE 832), á incoación deste expediente sancionador, de que o Concello solicite a Augas de Galicia que, por parte da súa asistencia técnica ó control e Asesoramento á Explotación das instalacións de Depuración de Augas Residuais de Galicia, á vista do seu informe de auditoría de Outubro-Decembro 2013, realizado respecto da E.D.A.R. de Bueu, se contesten e aclaren distintas cuestións referidas na súa petición.
- e) ESTABLECER o seguinte prazo e formalidades de pago de dita sanción:
- Prazo de pago: 15 días hábiles a contar dende a data seguinte ó da recepción da notificación do presente acto. Transcorrido o prazo anterior sen haberse efectuado o ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de apremio.
 - Forma de realizar o ingreso: Unha vez recibida a notificación do presente acto, e dentro do prazo sinalado anteriormente, poderase efectuar o pago mediante ingreso, indicando o concepto, na seguinte conta corrente a nome do concello de Bueu: ES27 0030 6086 3403 7510 2273
- f) Notificar esta Resolución ó instructor do expediente, ó departamento de Tesourería Municipal e ó interesado co réxime de recursos que contra o mesmo caben.

7. Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, relativa á Revisión Catastral no concello de Bueu (Nº Rexistro 3103 de 27.04.2016)

Polo Sr. Alcalde-Presidente, antes de concede-la palabra ó Concelleiro do grupo socialista, pasa a dar lectura ó resultado do ditame da Comisión Informativa de Facenda Municipal, Modernización da Administración Local e Réxime Interior e Especial de Contas, celebrada o pasado 11 de maio de 2016, cuxo resultado quedou como segue:

Votos en contra: Os representantes do BNG (5)

Abstencións: PP (1) e SON (1)

Votos a favor: 1 do grupo Municipal Socialista.

Polo que se ditamina desfavorablemente a Moción presentada polo Voceiro do Grupo Municipal Socialista.

De seguido dálle a palabra ó Concelleiro do grupo municipal socialista:

• Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):

Pasa a dar lectura da moción presentada polo seu grupo con data 27/04/16 (RE 3103) do seguinte contido literal:

“O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE de Bueu, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta moción urxente relativa á REVISIÓN CATASTRAL, con base na seguinte



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados do ano pasado levouse a cabo no noso concello, unha revisión catastral encuberta sobre a fórmula de regularización, por parte da Dirección Xeral do Catastro co beneplácito da Alcaldía.

Nesa revisión catastral procedeuse á actualización e alteración dos valores en orixe que serven de base para a liquidación do imposto do IBI-Urbana, así como tamén o uso e adicación dos mesmos, déronse de alta galpóns, garaxes, baixo cubertas, edificacións en construción (a maioría das veces mal contrastados por parte da empresa que elaborou o traballo e campo). Faiados e vivenda cando son almacén, azoteas e aparcamentos e quinteiros a vivenda.

Este mal traballo levado a cabo pola empresa contratada polo catastro, tivo que ser aboado por quen es tiñan a condición de suxeito pasivo do imposto (o veciño). Amáis o Concello de Bueu ni tan sequera puxo a disposición dos veciños a máis mínima axuda para efectuar as alegacións como impresos, a oficina de recadación municipal (todo o contrario do que está a facer Cangas).

Debido á total ocultación de información ós veciños por parte deste goberno, o suxeito pasivo pensaba que tendo aboados os 60 euros todo quedaba resolto. Pero moi lexos de todo isto, nestes momentos están chegando as cartas de pago coa retroactividade de catro anos atrás, e as queixas dos veciños non paran.

Son un porcentaxe moi alto de veciños, que só aboaron a taxa, sen ler o cerne da notificación, e é nestes momentos, cando chega a carta de pago, e non baixa dos 500 euros na maioría dos casos, cando se encontran que a alta está mal por diferentes motivos (ou non é propiedade do notificado, ou é máis superficie da real, ou o uso non se corresponde co verdadeiro).

Dende o PSdeG-PSOE, entendemos que a responsabilidade do alcalde e do equipo de goberno e maior si cabe, por non vixiar o cumprimento do convenio coa empresa encargada do servizo de colaboración na xestión tributaria, censal, inspectora e recaudatoria do Concello de Bueu, dando que no ámbito funcional do referido convenio inclúese, entre outros cometidos, a colaboración en materia de inspección tributaria, asumindo o compromiso de manter actualizado o padrón fiscal, o que levaría a que a maioría destas novas altas non terían que aboar os 60 euros.

Por outra parte, según se pon de manifesto no Decreto da Alcaldía con fecha 14 de marzo de 2016, o Alcalde da a orden de realizar as liquidacións a 1.345 veciños, por un importe total de 639.796,72 euros.

Por todo elo, solicitamos do Pleno Corporativo a adopción do seguinte acordo:

1. Proceder a constitución dunha oficina técnica para dar información ós veciños sobre os posibles recursos fronte a inexactitudes e liquidacións improcedentes.
2. Que o concello devolva a taxa dos 60 euros a todos os veciños por ser a administración que ó final percibe os beneficios da revisión catastral e responsable do incumprimento de que a empresa concesionaria deba ter actualizados os datos do padrón do IBI-Urbana.
3. Proceder a devolución da RETROACTIVIDADE, nos casos que se trate de unha revalorización de parte do ben, e non de unha nova alta, polo menos é de xustiza.
4. Como a maioría das altas que se están dando no rural son sobre edificacións, que na maioría dos casos son galpóns que se usan como estabulación de animais para consumo propio, e non para negocio onde se poida sacar un beneficio, se lle aplique o máximo permitido de bonificación do 95%.



5. *Que de unha vez por todas se proceda a revisión da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmобles."*

• **Sr. García Cuervo (BNG):**

Primeiro dicir que dende 2012-2013 Facenda do estado fai unha revisión para regularizar edificacións que non están dadas de alta ou ampliacións non declaradas.

Respecto ao 1º punto, en canto á constitución da oficina técnica, hai que dicir que a Oficina do Consumidor (OMIC) leva anos a disposición dos veciños; alí acudiron ó redor de 65; ademáis tamén a Oficina de Recadación atendeu á xente e os propios membros do equipo de goberno recibimos consultas durante bastante tempo.

No segundo punto fala da devolución dos 60 €. O Concello non pode devolver 60 € que non cobrou; eso sería malversar fondos como mínimo, e si se fai a sabendas, pois pódese considerar prevaricación tamén, porque non os cobrou o Concello.

En canto a retroactividade, o informe do Tesoureiro Municipal, no apartado b) contesta claramente *"as retroactividades se dan nos casos en que as valoracións sexan inferiores ás que había, pero si son superiores igual non hai retroactividade"*.

No punto 4º fala de bonificacións. Pois ben, *as bonificacións deberán ser solicitadas polos interesados que consideren que se atopan dentro do ámbito de aplicación do artigo 73 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais.*

Polo que respecta á modificación da Ordenanza, estamos a traballar na súa modificación e, como sempre, estamos abertos a que a oposición aporte ideas.

En principio, está claro que o informe do técnico é demoledor.

• **Sr. Santos Pires (PP):**

En aras de colaboración, pide lle sexa facilitada unha copia do expediente para pode facer aportacións.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Xa hai unha proposta que tivera en conta incluso a moción que se presentara polo Partido Socialista. Dou lugar a que se preparara a documentación para o expediente, pero non daba tempo de tramitalo antes do 1 de xaneiro de 2016.

Serálle facilitada.

• **Sr. Vilas Pastorioza:**

Con respecto aos puntos explicados polo Concelleiro de Facenda, polo que se refire ó punto núm. 1 de constitución dunha oficina técnica, agora xa é demasiado tarde, evidentemente este Concello non é coma outros que se movilizan cando os veciños se senten afectados; este déixase levar. Non é o mesmo estar na oposición que estar a gobernar.

Non sabe as alegacións ou suxerencias que puido facer a responsable da OMIC, pero cree que alí non dispoñen dun Aparellador, dun Arquitecto, ou persoal cualificado para dicir o que teñen ou non teñen que facer.

Vota de menos que o Concello non adecuase unha oficina expresa para o tema, cos técnicos adecuados e con persoal adecuado para realizar todas estas valoracións ou para dicirlle á xente o camiño a seguir.

Houbo xente que tivo que pagar supoño que moitos cartos por facer valoracións que, a todas luces, eran inxustas e non tiñan por que, porque o Concello ten contratada unha empresa que tiña a obriga de colaborar expresamente (*o capítulo 3, punto 5 dí: colaboración na investigación a campo para detección de alteracións de orden física,*



xurídica e económica, e o seu posterior traslado ó Concello dos datos obtidos con obxecto da formalización dos requerimentos oportunos). Si esta empresa no fixera e o Concello lle obrigara a facelo, esta xente non tiña que pagar os 60 euros que lle cobrou o Catastro ou a empresa encargada dos traballos. Esta empresa non puxo a naide a patear polo campo e a detectar que as edificacións non estaban dadas de alta; somentes puxo a patear a xente cando tiña que cobrar e mandar os recibos as casas; non pagou nin un euro a Correos, ahí si que puxo a xente a patear.

Entende que o Concello non cobrou os 60 euros, pero ten a obriga de pagalos por non face-lo traballo uo por non facelo cumprir.

Cando fala da retroactividade, aparte de cobrar ou dar de alta edificacións que non se atopaban de alta (vivendas novas ou parte de vivendas), como poden ser galpóns ou garaxes; estáselle a cobrar 4 anos atrás non desa edificación, senón do conxunto da vivenda; polo menos vin algúns recibos que así están.

Polo que entende que non se pode aplicar retroactividade ao valor das vivendas. Si se estima a revalorización da edificación que sexa a partir de agora, non de 4 anos atrás.

Considerando que a maioría das altas trátase de edificacións adicadas para estabulación de animais, non para negocio, entende que as valoracións son moi altas.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Gustaríalle comentar algunha cuestión, sobre todo cando o debate se plantexa dende os termos de xustiza. En ocasións poderíamos compartir que algunha decisión de carácter legal pode ser máis ou menos xusta; estar dacordo ou non estar dacordo, pero nesas mesmas ocasións a xustiza non vai da man da legalidade; unha cousa é legalidade, outra cousa é a xustiza, e non sempre van parellas. A min tamén paréceme inxusto que se presente unha moción por parte dun grupo municipal cargando as tintas e facendo determinadas aseveracións que son falsas, que son xuízos de valor, opinións e demáis, pero que non se poden constatar a través de ningunha decisión adoptada na institución municipal, porque senón ó final vai parecer que o que se está a facer en Bueu é diferente ó que se fai no resto do Estado, e, polo tanto, o importante é que a cidadanía saiba realmente do que estamos a falar, e do que estamos falando é dunha decisión que se toma no Goberno Central, no Consello de Ministros, de modificación da Lei do Catastro Inmobiliario no ano 2012 que aproba un procedemento de regularización catastral para todo o estado español, agás do País Vasco e Navarra, eso é que hai que dicir. En todos, absolutamente en todos os Concellos, para o cuatrienio 2013-2016. Claro, posiblemente o Alcalde, según o grupo socialista, co beneplácito que dou para que se faga en Bueu, se fai extensivo tamén para todo o estado español, como si a Alcaldía pudiera mostrar a súa disconformidade con este asunto.

Polo tanto, particularmente entende que é inxusta a moción porque infatiza neste caso no papel que o Concello non tivo neste asunto. O Concello ten un papel na parte final, na parte da liquidación do imposto; ollo, que como día a lei tamén do imposto, o Concello somos os xestores neste caso do cobro dos recibos unicamente, pero o Catastro enviou a principios deste ano unha relación de unidades tributarias coas súas valoracións catastrais dos catro anos anteriores 2012-13-14-15, e os Concellos temos a obriga legal, non é potestativo, non é que poidamos decidir o que queiramos, senón que temos a obriga de liquidar os atrasos correspondentes a eses catro anos.

Veremos si o resto dos Concellos que a través, efectivamente, desas proclamas moitas veces que teñen os seus sesgos de peligrosidade e creo que o seu grupo ten moita experiencia tamén do que pasou no seu momento noutro Concello veciño cando se



intoxica a opinión pública e cando se din cousas que non son certas, lévanos neste caso á confusión da cidadanía, dos inocentes.

O que non é certo é que o Concello puidese opoñerse a este procedemento de regularización catastral; non é certo porque ademáis vostede o sabe que aquí se comentou en algún plenario anterior que ese procedemento de regularización catastral exclúe os convenios que neste caso teñen entre Catastro e Concello, para que a través dos Concellos, directa ou inderecamente a través a súa oficina de xestión tributaria como no Concello de Bueu se puidese levar a cabo este traballo; quedan excluídos expresamente e vostede o sabe, e dicir aquí o contrario é faltar á verdade, e polo tanto é un trato inxusto hacia o goberno municipal; eso é do que nós nos queixamos.

En última cuestión, si apelamos sempre, si recurrimos sempre tamén ós informes técnicos que están dicindo que é nulo de pleno dereito calquer acordo neste caso que supusera que o Concello de Bueu devolvese os 60 euros a cada un dos contribuíntes e se dí que é nulo de pleno dereito, non se debe soster aquí neste plenario esa proposta, porque é unha incitación neste caso a que se cometa un acto de prevaricación por parte do goberno municipal ou do plenario que así o decidise. Eses son os motivos reais e legais tamén de porque o goberno municipal loxicamente non vai apoiar a moción: cuestión distinta é que tal e como o ano pasado comezamos a traballar sobre a base dunha modificación do IBI para que ademáis das bonificacións legais que permite a propia Lei de Facendas Locais, poidamos incorporar algunha potestativa. Nese senso traballarase e faremos unha proposta si é posible todos os grupos. Hai un borrador, un expediente mais ou menos preparado que de aquí a setembro ou outubro podemos intentar pechalo para que dea tempo tramitalo antes do 1 de xaneiro de 2017.

- **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Andamos a voltas cos 60 €

Fixo ou non fixo o traballo a Oficina de Recadación?

Fixo o traballo de ter ó día anualmente o Padrón Municipal do IBI?

Vostedes mandáronlle notificación de que non están a facer o traballo e téñenno que facer?

Fixéronno?

Se non o fixeron, non llo cobren; devólvannlle os cartos os veciños. Non estou a dicir que o cobrara o Concello, pero que si non o fixeron que lle reclamen o que teñan que reclamarlles e devólvannlle os cartos os veciños.

- **Sr. Santos Pires (PP):**

Como é un tema que ben do Goberno Central, quería saber si Bueu pediu unha actualización dos valores do 10%.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

O Concello pediuno no 2015 para aplicalo en 2016; correcto.

- **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Cree a xente que é normal que en Bueu se pague 383 € por m² de vivenda e en Cangas se paguen 105, con todo canto ten Cangas?

- **Sr. Alcalde-Presidente:**



Non sabe o que se paga en Cangas, o único que dí é que os 387 €/m2 forma parte da ponencia de valores aprobada no ano 1995, esa é a ponencia de valores do Concello de Bueu. Dubido moitísimo de que esos cento e pico de euros de que falou, sexan realmente os valores de Cangas; dúbido moitísimo.

- **Sra. Otero González (PP):**

Quero facer unha aclaración:

No Concello de Cangas tamén o rodaxe é o dobre de caro que en Bueu e non podemos comparar. Ou comparámolo en todo ou nalgunas cousas.

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. alcalde somete a aprobación a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 1 (do Concelleiro do PSdeG-PSOE Sr. Vilas Pastoriza)
- ✓ Votos en contra: 12 (dos Concelleiros do BNG)
- ✓ Abstencións: 4 (3 dos Concelleiros do PP e 1 do Concelleiro de SON)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de votos, acorda rechaza-la moción presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE con data 27/04/16 (RE 3103).

8. Moción do Grupo Municipal de PSdeG-PSOE, relativa a “Urbanización dos viais en Meiro e A Portela” Nº de rexistro 3409 de 06.05.2016

Polo Sr. Alcalde-Presidente, antes de concede-la palabra ó Concelleiro do grupo socialista, pasa a dar lectura ó resultado do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Patrimonio e Vivenda, celebrada o 1 de xuño de 2016, cuxo resultado quedou como segue:

Votos a favor: 3 (2 dos representantes do PP e 1 do Concelleiro do PSdeG-PSOE)

Abstencións: 6 (5 dos representantes do BNG e 1 do de ACEB-SON)

Votos en contra: 0

Polo que se ditamina favorablemente a Moción presentada polo Voceiro do Grupo Municipal Socialista.

- **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Procede a dar lectura a moción presentada polo seu grupo con data 6 de maio de 2016, con R.E. 3.409, do seguinte contido literal:

“O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE de Bueu, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN para o seu tratamento no próximo Pleno a celebrar:

URBANIZACIÓN EN MEIRO E A PORTELA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A finais do ano 2005 a Deputación de Pontevedra acometeu unha obra de ensanchado do vial que une a N-550 con Ermelo. Dita obra foi realizada somentes na zona do vial que atravesa o monte e vai dende o punto kilométrico 1,120 aprox. ata o adro de Ermelo, deixando o tramo inicial con principio na carretera N-550 Bueu-Cangas ata Meiro,



practicamente sen tocar, excepto pola construción por parte da Deputación en dous mujros que pñrovocaron o ensanche do vial en dúas zonas puntuais.
Este tramo inicial é o tramo máis urbano dos 4 km. totais dos que dispón o vial.

NOTA DE PRENSA DE ESE ANO -La Voz de Galicia- 2 de novembro de 2005

La Diputación y el Concello de Bueu firmarán un convenio para acometer el saneamiento de Hermelo aprovechando las obras que el organismo provincial está realizando en la carretera Meiro-Hermelo.

El compromiso se ratificó ayer en una entrevista que mantuvo el Presidente de la Diputación, Rafael Louzán, y la Alcaldesa de Bueu, Elena Estévez. Al encuentro asistieron representantes de la parroquia.

El convenio recogerá unha cantidad superior a 70.00 euros para instalar la red de saneamiento al tiempo que se desarrollan los trabajos de ampliación del vial entre Meiro y Hermelo.

Ese tramo inicial que vai dende A Portela Meiro, posteriormente foi dotado coa rede xeral de saneamento por unha veira, e foi cruzado en diferentes puntos polo saneamento das vivendas co fin de engancharse tanto de un lado como do outro, quedando o asfaltado moi danado e con socavóns de diferentes tamaños que se producen principalmente no inverno debido a escorrentía das augas que van polo vial, e que un asfaltado puntual non acaba de solucionar.

Este tramo de vial tamén conta con canalización de augas pluvial, para rego das fincas con auga procedente dos diferentes lagos (Martices, Lago de Currás, Vilariño, etc.) que se sempre surtiron ás fincas de Meiro para o rego, e que necesitan un tratamento acorde cos tempos como pode ser un entubado ou unha canle aberta de formigón.

Transitar por este vial para os veciños do lugar e os visitantes, tamén se fai perigoso xa que non conta con beirarrúas, e nalgún punto non hai unha separación suficiente entre o canle da auga e o asfalto.

Este vial tamén é moi usado polos ciclistas que fan a subida-baixada a Ermelo, e para os cales non cumpre as condicións mínimas de seguridade.

NOTA DE PRENSA - Faro de Vigo- 1 de febreiro de 2013

Vecinos de las aldeas de Meiro y Hermelo piden al Concello que inste a la Diputación de Pontevedra a finalizar las obras emprendidas en su día para la mejora de la carretera entre Meiro y Ermelo: Los trabajos incluían el ensanche del vial y un nuevo asfaltado. El ejecutivo local admite que la primera parte se completó, pero el pavimentado se dejó a medias y así sigue a pesar de que es un proyecto "anterior ao ano 2007". Por ello en los próximos días se pondrán en contacto con el Ingeniero Jefe de la Diputación para retomar la obra.

El regidor municipal, Félix Juncal, explica que a pesar de que en algunos tramos el asfalto "pareza en bo estado" en realidad "falta a capa de rodadura final". Eso provoca que en algunos puntos "o firme esté cuarteado a causa da choiva e do tráfico".

(De seguido consta unha reportaxe de tres fotografías do vial)

VIAL A PORTELA

O vial da Portela que une a N-550 (Bueu-Cangas) co cemiterio de Bueu e o Parque Empresarial de Castiñeiras, é especialmente perigoso polas seguintes razóns:

1. Un vial moi transitado por vehículos pesados para acceso a dito parque empresarial como por viandantes que a pé se acercan dende A Graña, Meiro e A Portela o cemiterio, e non consta nos seus apenas 800 mts. con beirarrúas, chegando ó



extremo que nalgún punto os viandantes teñen que pisar o propio asfalto, coa correspondente perigosidade.

- 2. Este vial tamén conta con unha parada de transporte escolar, onde os rapaces da zona collen o autobús para o colexio, e debido a que o vial non conta con sinalización de límite de velocidade, teñen que soportar mentres esperan, a velocidade desmesurada dos vehículos polo vial, coa correspondente perigosidade para os rapaces.*

(de seguido consta unha foto do vial)

Por todo elo, solicito do Pleno Corporativo a adopción dos seguintes acordos:

CON RESPECTO Ó VIAL DE MEIRO:

- 1. Que por parte do Concello se proceda, de inmediato, á redacción do correspondente PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO VIAL A PORTELA-MEIRO.*
- 2. Que unha vez redactado o proxecto, e coa conformidade dos veciños do lugar, se lle traslade este á Deputación Provincial, e se inste a esta a que antes de finalizar o ano realice a obra.*

CON RESPECTO Ó VIAL DA PORTELA:

- 1. Se inste á Deputación Provincial a que, de forma urxente, dote este vial das medidas necesarias (colocación de sinais de limitación de velocidade, colocación de lombos, etc.) que fagan que o tránsito por este vial se faga á menor velocidade posible, co fin de salvagardar a integridade dos rapaces que agardan o bus escolar no arcén.*
- 2. Que por parte do Concello se proceda, de inmediato, á redacción do correspondente PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO VIAL DA PORTELA-CEMITERIO DE BUEU.*
- 3. Que unha vez redactado o proxecto e coa conformidade dos veciños do lugar, se lle traslade este á Deputación Provincial e se inste a esta a que antes de finalizar o ano realice a obra."*

• Sr. Alcalde:

Ábrese un turno de intervencións.

• Sr. Villanueva Pastoriza (BNG):

Como xa manifestamos na Comisión Informativa, imos apoiar a moción. Son unhas cuestións. Dende o goberno vimos facéndolle un seguimento dende fai anos. É certo que ese vial dende a Portela ata Ermelo pertence á Deputación Provincial; xa co anterior goberno provincial houbo contactos; a actual capa de rodadura non é a definitiva, e aí quedouse durante a verdade que durante moitos anos; hai algúns acordos tamén plenarios para estes viais que pertencen a outras administracións que non son a municipal e perseguindo un mesmo obxectivo.

É certo que na Portela, sobre todo no lugar de Meiro, hai algunhas actividades e se mezclan diversas circunstancias que hai que planificar con algún proxecto, e a quen corresponde redactar estes proxectos é a Deputación Provincial.

Cónstanos tamén que xa están traballando neste tramos e noutros para conxugar o que é o acceso peonil, ciclista e dotar de seguridade todos estes viais dos que é titular a Deputación.

Por tanto, pola nosa parte imos apoiar a moción, porque entendemos que é de xustiza que se actúe neste vial.



• **Sr. Alcalde:**

Simplemente matizar un par de cousas:

Efectivamente incluso fai dúas semanas houbo unha reunión de traballo a nivel técnico, pero tamén a nivel político coa Deputación Provincial, onde digamos que é a continuidade de conversas anteriores que se manteñen ó longo de todo o ano, sobre asuntos dos que se viñan traballando tamén como dicía o Sr. Martín Villanueva dende fai varios anos.

A día de hoxe, os criterios provinciais son de levar a cabo actuacións nos seus viais que permitan unha mellora da seguridade vial, digo sobre todo polas solucións que se poidan dar. Todos somos conscientes de que o mantemento de determinados tramos de beirarrúas con losetas e máis, teñen as súas dificultades. Teñen que facer un estudo serio sobre mellorar a seguridade vial, o que supón que pos peóns teñen que ter os espazos, as súas zonas, para poder transitar dunha forma segura, eso é o principal. Os dous conceptos: seguridade vial e mobilidade, son esenciais.

Hai unha primeira actuación que se vai levar a cabo agora, que sobre todos os viais se nos propuxo que fixáramos a colocación de redutores de velocidade, algo que creo que se atopa pendente de licitar a Deputación Provincial, os lombiños, pasos elevados, como queiramos chamarlle, que se van colocar en todos os viais provinciais.

Dende o Concello déuselle carácter de urxencia a estas actuacións, e aquí no seu momento se acordou que tamén o vial de A Roza, o que vai de Montemogos ata A Roza, Igrexa de Beluso, polo que supón o tránsito de persoas sobre todo maiores.

Son as dúas actuacións máis importantes e ás que máis prioridades se lles deu.

• **Sr. Santos Pires:**

Cando se fale coa Deputación, a ser posible que as lombeiras que utilicen que sexan regulamentarias.

• **Sr. Alcalde:**

Agora hai unha normativa; das que temos en Bueu ás máis antigas son as da Praia de Beluso que son horribles, entendendo que todas deberían cumprila, preguntando ademais destas cáles son as que non cumpren.

• **Sr. Santos Pires:**

Sinala as da Ramorta, ningunha.

• **Sr. Vilas Pastoriza:**

O único que quería dicir é que quere que se faga dende o Concello un proxecto, se lle amose ós veciños e se fale con eles, e se leva a cabo evidentemente pola Deputación, sempre vendo tanto que quede ben como os cartos que se van invertir.

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. alcalde somete a aprobación a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 17 (da totalidade dos Concelleiros que conforman a Corporación)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abastencións: 0



En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con data 06/05/16 (RE 3409), dispoñendo en consecuencia:

CON RESPECTO Ó VIAL DE MEIRO:

1. Que por parte do Concello se proceda, de inmediato, á redacción do correspondente PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO VIAL A PORTELA-MEIRO.
2. Que unha vez redactado o proxecto, e coa conformidade dos veciños do lugar, se lle traslade este á Deputación Provincial, e se inste a esta a que antes de finalizar o ano realice a obra.

CON RESPECTO Ó VIAL DA PORTELA:

1. Se inste á Deputación Provincial a que, de forma urxente, dote este vial das medidas necesarias (colocación de sinais de limitación de velocidade, colocación de lombos, etc.) que fagan que o tránsito por este vial se faga á menor velocidade posible, co fin de salvagardar a integridade dos rapaces que agardan o bus escolar no arcén.
2. Que por parte do Concello se proceda, de inmediato, á redacción do correspondente PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO VIAL DA PORTELA-CEMITERIO DE BUEU.
3. Que unha vez redactado o proxecto e coa conformidade dos veciños do lugar, se lle traslade este á Deputación Provincial e se inste a esta a que antes de finalizar o ano realice a obra.

9. Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: “Proposta Resolución Dotación Praia Canina en Bueu”

Polo Sr. Alcalde-Presidente, antes de concede-la palabra ó Concelleiro do grupo socialista, pasa a dar lectura ó resultado do ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente Urbano e Servizos, celebrada o 31 de maio de 2016, en canto a moción do grupo municipal socialista presentada con data 13/05/16 (RE 3.652), cuxo resultado quedou como segue:

Votos a favor: 1 (do Concelleiro representante do PSdeG-PSOE)

Abstencións: 3 (2 dos Concelleiros representantes do PP e 1 do Concelleiro de ACEB-SON)

Votos en contra: 4 (dos Concelleiros representantes do BNG)

Polo que se ditamina desfavorablemente a Moción de referencia.

• Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):

Procede a dar lectura a moción presentada polo seu grupo con data 13 de maio de 2016, con R.E. 3.652, do seguinte contido literal:

“O grupo municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE de Bueu, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte proposta de resolución -DOTACIÓN PRAIA CANINA EN BUEU-, para o seu tratamento no próximo pleno a celebrar:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende fai un tempo, veñen aumentando considerablemente os veciños e visitantes que contan cun can como animal de compañía. Durante todo o ano, pero sobre todo na época estival, se pode observar como pasean polo casco urbano, parques e os nosos montes na súa compañía.



Dende o PsdeG-PSOE de Bueu, creemos que é necesario que no Concello de Bueu, se dea un salto de calidade nos servizos ofertados, e se dote a Bueu dunha ou máis praias onde se permita o acceso dos animais de compañía.

Con esta medida conseguiremos:

- 1. Que os veciños que así o desexen poidan acudir á praia acompañados das súas mascotas, o que lles permitirá compartir este espazo con xogos, exercicios, entretenemento, e tomar o sol ou bañarse na auga do mar, o cal potenciaría a relación can-dono .*
- 2. Sería outra maneira de atraer hacia Bueu, o turismo de persoas que á hora de viaxar lles gustaría facelo acompañado da súa mascota, e non ter que deixala con familiares ou en perreras.*

Bueu dispón de vinte praias, das cales catro dispoñen de Bandeira Azul, e aprobando esta medida podíamos equipararnos, por poñer un exemplo, a O Grove, que dispón de dúas praias unha delas na Illa da Toxa, ou Cangas que xa dispón de unha.

Esta medida creemos que non suporía que o Concello teña que aumentar a partida presupostaria para praias, xa que non conlevaría realizar obras de gran calado nas praias que o plenario decida adicar, máis que a dotación de papeleiras, e sinais e valado.

Por todo elo, solicito do Pleno Corporativo a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Que por parte do Concello se proceda a nomear unha ou varias praias onde está permitido o acceso ós cans durante o verán.*
- 2. Se doten a estas praias coas medidas e equipamentos necesarios acorde cos novos usuarios.*
- 3. Se modifique a Ordenanza Municipal reguladora do Uso e Disfrute das Praias, en base ó acordado en pleno."*

• Sr. Alcalde:

Rematada a lectura da moción, polo Sr. Alcalde ábrese un turno de intervencións.

• Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):

Como na acta da Comisión Informativa non fai referencia a praia algunha, e a moción non viña cunha proposta pensada, simplemente era para chegar a un acordo entre tódolos grupos, propón a praia de Pescadoira, á parte lindante ao edificio onde se atopa a Policía Local.

• Sra. Pérez Hernández (PP):

Entendemos que é vontade do goberno neste caso facilitar ou non que se poida dispor dunha praia onde acudir cos cans; entendo que non é unha praia para que só vaian cans, senón para que os veciños que teñan mascotas poidan ter unha praia á que poidan acudir co seu can. É votade do Concello poñer a disposición as medidas oportunas para manter o areal nas mellores condicións posibles evidentemente.

Entendemos que se noutros Concellos, como por exemplo, Cangas, se chegaron a un acordo e se o fixeron, nos non temos porque ser menos, entendendo que, con vontade, se podería facer. De feito temos praias dabondo, é unha das cousas de que podemos presumir en Bueu, e podemos abrir ese abanico de oportunidades ou alternativas tanto para os veciños como para os visitantes.



Imos apoia-la moción.

• **Sr. Otero Pérez (BNG):**

Este tema parécelle suficientemente importante para tratalo con profundidade e tranquilidade, porque non é un tema que simplemente afecte ás persoas que teñen cans, como se desprende a simple vista da moción presentada, senón que ten un calado máis profundo; ten un calado que afecta á saúde pública, e á seguridade incluso. Ese tema é o que hai que poñer en principio como diante das posibles solucións ou posibles decisións. Temos que reflexionar á cerca das consecuencias de que os cans poidan acudir á praia ao mesmo tempo que os usuarios están tomando o baño, tomando o sol, ou xogando.

Paréceme que deben prevalecer criterios nos que as persoas teñan unhas certas garantías de que a nivel hixiénico e sanitario non van a ter ningún tipo de problema, e en segundo lugar por seguridade; sabemos que os cans son animais inquietos que dispoñen do seu gen natural e que os nenos correndo, xogando con pelotas, etc., pode ocorrer que teñamos un percance nese senso.

De tódalas formas paréceme interesante a moción. Debemos estudala con calma e reflexionar. Cando se fala de 20 praias, son exactamente 18 areas os que hai no Concello de Bueu, moitos deles coa marea chea non existen. Ademais, cando se fai unha proposta destas, debería pensarse sempre na zona urbana, por canto os veciños que viven en pisos son os que precisan saír co can. Si se decide unha praia que estea no exterior, non sería práctico e factible. Por tanto ten que ser unha praia urbana.

Por outro lado, continuaremos con estas reflexións si sae adiante establecer un grupo de traballo no que invitemos tamén a representantes das sociedades de animais, etc. Teremos que valorar tamén o feito de traballar sobre unha soa praia, como é a proposta do PSOE, tamén creo que Xulio facía unha proposta neste senso na Comisión, de adicar a que aquí antes lle chamábamos "A Praia", que a que vai dende a Casa do Mar ate o Club do Mar, ou outro criterio que sería o establecemento duns horarios, ou sexa, introducir novos elementos a debater, porque o feito de que se adxudique os cans a unha praia, e que aquilo vaise converter en que as persoas non poderán acudir á ela.

Logo hai outro aspecto no que pensamos que temos que traballar dende a Concellería de Medio Ambiente: Na concienciación de como coidamos os cans e como poder levalos para que exista unha convivencia harmónica entre os animais e usuarios dos parques, das rúas etc., porque si partimos da realidade, non é necesario filosofar, é necesario saír a un parque, a rúa do Príncipe ou a rúa de Montero Ríos, e ver que pasa nas rúas; a veces temos que facer *slalom*, porque falta concienciación cidadán en canto a eses propietarios de cans, así que creo que é necesario información, un traballo de concienciación, porque se non se coidan as rúas, imos ter o problema agravado nas praias.

O que pido un pouco de reflexión, agradecendo a moción, porque me parece un tema interesante e que hai que debater, e nas circunstancias actuais entende que hai que estudalo e debatelo un pouco máis.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

O noso grupo como xa dixó en Comisión, estamos completamente a favor de que as mascotas dispoñan dun espazo onde poder estar, pero tamén consideramos que que o disfrute alternativo entre persoas e cans poden traer problemas.

Xa propusemos a idea de que sexa a praia de Pescadoira pola cercanía do centro, sendo unha das dúas ou tres praias urbanas das que temos no Concello; pero limitaríamos no verán o horario. Si se crea un grupo de traballo intentaremos estar nel, e a nosa proposta é que ata as 09:00 da mañá e a partires das 10:00 da noite poidan acceder os cans á praias. Isto é habitual en moitos Concellos; incluso nunha praia tan emblemática como A



Concha, a certas horas si poden estar os cans na zona dos chiringuitos, e tamén na praia a certas horas, non sempre.

Hai Concellos que teñen praias solo para cans. Unha cousa está clara, en Bueu a xente pasea cos cans na praia; na Banda do Río durante todo o inverno hai xente que pasea os seus cans na praia e os solta. Non creo que de momento houbera ningún incidente por mordedura a algún rapaz dos que están a xogar a pelota.

A concienciación sobre a limpeza iso sí habería que esixila. Por iso pensamos nunha praia cercana, incluso podería facer que se educasen, porque sabendo que van esta alí, que a esa praia si poden ir, o que non recolla a deposición dos cans habería que sancionalos exemplarmente.

En canto á Comisión de traballo, valora que se faga; agora tamén quere dicir que a persoa responsable da recollida de firmas que houbo por Bueu, falou comigo (Manolo sabeo) quen lle dixu que o venres ía vir por aquí a intentar estar con Manolo, con Félix ou con Fidel; cónstame que estivo esperando hora e pico, e ninguén o recibiu, non sabe porque; esta persoa está a favor da nosa proposta en que sexa a praia de Pescadoira e por horas, así como que a limpeza ten que ser exemplar.

• **Sr. Otero Pérez (BNG):**

Puntualizar en canto a persoa que estivo aquí o venres.

A verdade é que eu acudo todos os días ó Concello, paso pola mañá cedo, sobre as 8:30 estou ou ben aquí ou no departamento de deportes, ata as 10:00, e a medio día sobre as 12:00-12:30 volvo polo Concello; non é cuestión de que esté escondido, estou aberto a tódalas suxerencias. Podedes atoparme correndo por aí, aínda que non é o momento, pero tamén nos bares, pero nunca lle dixen a ninguén que non era o momento de tratar un asunto municipal, nunca. Ninguén pode dicir que veu a falar comigo e que lle contestara que non era o momento. Síntoo moito, pero non debeu coincidir co meu horario, pero tampouco tiña unha cita concertada.

• **Sr. Castro Quiroga (BNG):**

Con referencia ó horario proposto, non sei se saberás que a limpeza de praias comeza ás 6:00 da mañá; como comprenderás non imos limpar ás 6:00 da mañá e darlle ese horario aos cans se chegara o caso.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

O que non pode garantir como Alcalde é que cando unha persoa chega o Concello poida estar con el. Se chega unha persoa e se lle pregunta se pode atendelo, neste caso ó Conserxe pode dicirlle que espere un momento, que o atende cando remate o que está a facer; o que non pode é deixar de facer o que que está facendo por atender a esa persoa. Creo que non tardou máis de 10 minutos -non sabe o tempo que levaba antes- logo de que lle trasladaran o recado; cando lle dixen ó Conserxe que que o fixera pasar, a miña sorpresa foi que me dixu que se marchara.

A xente que me coñece sabe que o despacho da Alcaldía está permanentemente aberto, se é posible, pero ademais de atender á cidadanía, ten outras cuestións que resolver, que tratar e que xestionar.

Pero bueno, hoxe en día se polemiza absolutamente todo. As veces somos nos, os políticos, os que contribuímos a polemizar, no que me incluío tamén eu.

Quero recordar tamén, porque é importante saber é que ó Concello de Bueu de dotou no ano 2012 dunha ordenanza municipal de praias, onde hai un apartado amplo que regula tódolos temas relacionados coa salubridade e hixiene, e esa ordenanza foi aprobada tanto na súa aprobación inicial como definitiva, por unanimidade de toda a Corporación. Naquel momento tódolos grupos, Concelleiros e Concelleiras, mirábamos de forma



unánime cal debía ser a regulación tamén dos usos das praias e compatibilidade deses usos.

Non tempos inconveniente en que, a través dese grupo de traballo, poida ampliarse e formular unha nova proposta de modificación da ordenanza actual. Hai que dicir que por moito que se acordase aquí adicar unha praia, non tería vixencia perante este ano, porque iso supón unha modificación da ordenanza; hai que previamente modificala e intentar introducir algunha figura que permita nese caso esa compatibilidade. A tramitación dunha ordenanza leva varios meses, e o sabemos; por tanto a día de hoxe, por moito que aquí se adoptase algún acordo, non sería vixente durante a actual época estival; en todo caso quedaría para máis adiante.

O digo para que non perdamos a perspectiva e o contexto realmente do que suporía adoptar algún acordo.

Nós formulamos esa invitación tamén en positivo, e a partir de agora abrir esa mesa de diálogo, en consenso se é posible, sobre a base dunha modificación que cando menos no 90% é acorde co que defendemos tódolos grupos, está en sintonía con todas as ordenanzas, incluso non é un tema valadí que require a súa reflexión, porque creo que Cangas a día de hoxe tampouco ten claramente definido se ten praia de cans ou non, polo que acabamos de ler, nin tampouco somos un concello do Levante onde as praias teñen quilómetros, aquí as praias son de reducidas dimensións que foron sempre utilizadas e disfrutadas sobre todo polo vecindario máis próximo. Aí hai unha colisión de intereses de partida, que ó mellor non é tal, igual se fala os veciños do lugar e non ven tampouco ningún tipo de impedimento ou problema. Pero cando menos entende que deben darse un período de reflexión antes de adoptar algún acordo nun senso ou noutro. Ese é motivo polo que tanto na Comisión Informativa como neste plenario imos votar en contra da moción, pero invitando neste caso á Corporación a que, a través da Concellería de Medio Ambiente, se poña en marcha esa mesa de debate, de diálogo e de consenso.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Gustaríalle falar en primeiro lugar da convocatoria da sesión ordinaria da Comisión informativa permanente de Medio Ambiente Urbano e Servizos. Convocouse o 31 de maio de 2016 ás 07:00 horas. É a primeira sesión desta área que se convoca, non houbo ningún tema interesante para traer durante un ano. Pensando niso, solicitouse un balizamento para as praias, que non se deu conta del; contrátase unha empresa para pintar as farolas usando os medios do Concello, e non deu conta diso; solicítase servizo de atención pública nas aulas de Agrelo, Udra e Turismo, e tampouco se deu conta. Menos mal que nun ano temos unha Comisión.

Teño que dicirle o Sr. Otero que a moción presentouse o día 13 e veu á Comisión o 31 de maio; entre 13 e 31, non lle pido axilidade a ninguén, pero tamén se puido haber falado, ou convocarse antes, sempre esperamos a última semana para convocar as Comisións das cousas que veñen a pleno.

Entende que non son formas de tratar as cousas.

O Sr. Otero Villanueva falou de fraccionar o tempo. Teño que dicir que teño can e non penso traelo á praia. O que pasa que cando hai veciños que me piden algo, e non teño nada que ver con esta asociación; aínda que a min non me guste, si a eses veciños se lles pode dar algo e non lle custe cartos ó Concello, non entende porque non se lle vai conceder algo que piden e que é normal que o poidan disfrutar. Si hai xente que queira ir á praia cun can, porque non vai poder ir.

Estamos a facer unha lei o norma que non obriga a ninguén, non obriga a ninguén a non ir a esa praia, non obriga comprar un can para ir a esa praia, non obriga ós que teñen can a ir todos a un mesmo tempo, non obriga a nada. É a mellor norma que poida existir, porque da facilidades para algo, pero non obriga a nada.



Non está de acordo con fraccionar o tempo. O que quere ir co can á praia, non quere ir a mañá para soltar o can pola praia e votar un pitillo, quere ir a disfrutar da praia co can. É unha pena que non se aprobe, pero eu fixen o posible polos veciños.

• **Sr. Otero Pérez (BNG):**

Somentes aclarar que se hai temas que teñen que vir a pleno, convócase a Comisión pertinente; se non hai temas, non se realiza. Por outra banda, si existe iniciativa dalgún grupo de facer unha Comisión para un tempa específico, sempre estou aberto a convocala, pero legalmente teño a obriga de convocar a comisión sempre que o tema veña a Pleno. Os custes que acarrea unha comisión é conciencia de cada un.

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. alcalde somete a aprobación a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 5 (3 dos Concelleiros do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON)
- ✓ Votos en contra: 11 (dos Concelleiros do BNG, agás da Sra. Pérez Piñeiro)
- ✓ Abstencións: 1 da Concelleira do BNG Sr. Pérez Piñeiro.

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda rechaza-la moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con data 13/05/16 (RE 3652), relativa a dotación dunha praia canina en Bueu.

10. Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención municipal dende a derradeira sesión ordinaria.

Pola presidencia enténdese dada conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención do Concello de Bueu dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a dispor dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

| nº | data | extracto do seu contido |
|-----|----------|---|
| 305 | 09/05/16 | Levantamento reparo concesión axuda á Asociación Cultural Alfombras de Bueu |

Non formulándose intervención algunha, polo Sr. Alcalde declárase a toma de coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a última sesión ordinaria.

11. Dación conta das Resolucóns da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria.

Pola Presidencia dáse conta das Resolucóns da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a dispor dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

| nº | data | extracto do seu contido |
|-----|----------|--|
| 278 | 27/04/16 | Convocatoria Xunta Goberno 02/05/16 |
| 279 | 27/04/16 | Aprobación liquidacións taxa servizos Axuda no Fogar e Dependencia, mes de marzo |
| 280 | 28/04/16 | Aprobación nóminas persoal mes de abril |
| 281 | 29/04/16 | Horario apertura Bibliotecas |
| 282 | 29/04/16 | Resolución reclamacións fiscais 08/16 |
| 283 | 29/04/16 | Delegación presidencia acto voda civil a celebrar o 7 de maio, no Concelleiro Sr. Castro Quiroga |
| 284 | 29/04/16 | Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Josefa Martínez Piñeiro |



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

| | | |
|-----|----------|---|
| 285 | 29/04/16 | Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Ana María Romero Iglesias |
| 286 | 02/05/16 | Ampliación prazo xustificación subvencións actividades deportivas 2015 |
| 287 | 02/05/16 | Aprobación lista provisional admitidos e nomeamento tribunal selección Auxiliares Policía Local |
| 288 | 02/05/16 | Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local 1º T/16, Fenie Energía |
| 289 | 28/04/16 | Autorización celebración voda civil, a Miguel Fernández Rodríguez |
| 290 | 28/04/16 | Autorización celebración voda civil, a Manuel Resille Pato |
| 291 | 02/05/16 | Contratación de S. Salvador Ferreira Martínez como peón limpeza |
| 292 | 29/04/16 | Rectificación R.A. 25/04/16 de contratación 25 traballadores/as Plan Empleo para conservación e funcionamento bens e servizos municipais, 1 |
| 293 | 03/05/16 | Aprobación listado alumnos cursos aplicador/manipulador produtos fitosanitarios |
| 294 | 03/05/16 | Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local 1º T/16, Factor Energía |
| 295 | 30/03/16 | Solicitude á Consellería de Traballo e Benestar, transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios |
| 296 | 05/05/16 | Aprobación liquidacións IIVTNU |
| 297 | 06/05/16 | Aprobación lista definitiva admitidos probas selección Auxiliares Policía Local |
| 298 | 02/05/16 | Rectificación erro R.A. de 29/04/16, concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Ana María Romero Iglesias |
| 299 | 29/04/16 | Aprobación gastos Seguridade Social mes de marzo |
| 300 | 02/05/16 | Orde pagamento cota vencemento contrato arrendamento financeiro máquina limpa praias |
| 301 | 11/05/16 | Incoación procedemento contrato obra menor "Ampliación rede municipal de saneamento entre Castrelo e Pousada-Cela" |
| 302 | 05/05/16 | Aprobación gasto e orde pagamento gastos usos compartidos local Policía Local e ISM |
| 303 | 06/05/16 | Aprobación Certificación 1 obras "Conexión augas pluviais Rúa Johan Carballeira co novo punto de verquido" |
| 304 | 03/05/16 | Remate relación laboral con Elena Vázquez Otero, como persoal laboral temporal |
| 305 | 09/05/16 | (con levantamento de reparo) |
| 306 | 12/05/16 | Nomeamento de Araceli C. Pérez Morán como Xefe de Negociado de Intervención |
| 307 | 11/05/16 | Autorización celebración voda civil a Cristina Sequeiros Bermúdez |
| 308 | 11/05/16 | Recoñecemento obriga, aprobación gasto e orde pagamento achega á Asociación Cultural Alfombras de Bueu |
| 309 | 10/05/16 | Aprobación expte. modificación créditos 09/16, xeración 03/16 |
| 310 | 09/05/16 | Aprobación liquidacións asistencias Concelleiros a órganos colexiados, mes de febreiro |
| 311 | 09/05/16 | Aprobación liquidacións asistencias Concelleiros a órganos colexiados, mes marzo |
| 312 | 09/05/16 | Aprobación liquidacións asistencias Concelleiros a órganos colexiados, mes abril |
| 313 | 10/05/16 | Autorización celebración voda civil a David García Piñeiro |
| 314 | 13/05/16 | Convocatoria Xunta Goberno 16/05/16 |
| 315 | 09/05/16 | Nomeamento de María del Carmen Juncal del Río como Xefe de Negociado de Estatística do 9 ó 16.05.16 |
| 316 | 13/05/16 | Aprobación acta de recepción da obra de "Pavimentación de catro camiños municipais: Camiño de Meiro á Portela, Camiño de Acceso ó Cemiterio de Ermelo, Camiño na Zona de Cabalo e camiño na zona de Sar (Cela) |
| 317 | 10/05/16 | Desestimación expediente de responsabilidade patrimonial de D. Angel Cid García en representación de Seguros Catalana Occidente e de Gaspar Vidal Buceta |
| 318 | 11/05/16 | Incoación expediente de responsabilidade patrimonial formulada por Monica Martorell Poncet en representación de Lyberti Seguros e de Araceli Bernardez Barreiro |
| 319 | 16/05/16 | Aprobación liquidación provisional da taxa por ocupación de dominio público local no primeiro trimestre de 2016 á Viesgo Energía S.L. por importe de 192.87€ e 0,24€ equivalente ó 1% dos ingresos brutos declarados. |
| 320 | 18/05/16 | Aprobación liquidación provisional da taxa por ocupación privativa do dominio público local no primeiro trimestre de 2016 á Vodafone España Sau, polo importe de 119,42€ equivalente ó 1% dos ingresos brutos declarados. |
| 321 | 16/05/16 | Aprobación lista provisional de admitidos e o nomeamento do dos membros do tribunal para a contratación en réxime laboral temporal de 9 socorristas para a prestación do servizo de socorrismo nas praias do Concello de Bueu |
| 322 | 16/05/16 | Incoación expediente de responsabilidade patrimonial formulada por Silvia Otero Rouco |
| 323 | 18/05/16 | Solicitude subvención para dinamización lingüística polo importe de 15.300€ |
| 324 | 19/05/16 | Convocatoria Pleno extraordinario para o luns 30.05.2016: Sorteio Composición mesas electorais. Eleccións Xerais a celebrar o 26 de Xuño de 2016 |
| 325 | 16/05/16 | Suspensión inmediata dos traballos de construción que se están a desenvolver en Pazos Fontenla 64 de Bueu Promotor: Gabriel Estévez Loira Construtor: Construcclóns Anton |
| 326 | 18/05/16 | Execución forzosa expediente de restauración da legalidade urbanística Promotor: Horacio I. Maquieira Miller Rehabilitación de vivenda sen adaptarse á licenza municipal concedida en fase de execución no lugar de Castiñáns num. 23 |
| 327 | 16/05/16 | Expediente Restauración da legalidade urbanística num. 01/2016 Promotor: Carmen Riobó Durán Empresario: José Agulla Martínez Cambio de cuberta, incluída estrutura, en fase de execución, sen adaptarse á comunicacións previa |
| 328 | 16/05/16 | Declaración caducidade e arquivo de expediente de restauración da legalidade urbanística Cubrición de terraza sobre planta baixa, sen título habilitante municipal en Pazos fontenla 50-1 A Promotor: José Manuel Barreiro Estévez |



| | | |
|-----|----------|--|
| | | Empresario das obras: O mesmo |
| 329 | 18/05/16 | Incoación expediente restauración da legalidade urbanística 2/2016 Promotor: José Manuel Barreiro Estévez e Mª Blanca Pena Portela Empresario das obras: Os mesmos Obra: Cubrición de terraza sobre planta baixa, sen título habilitante municipal en Pazos Fontenla num. 50-1º A |
| 330 | 20/05/16 | Execución forzosa expediente restauración da legalidade urbanística Promotores: Manuel Bello Fariña e Marisa Magariños Mella |
| 331 | 19/05/16 | Precinto de obras obxecto de expediente "Construción de muros de contención de terras e rehabilitación de vivenda en fase de execución no lugar de A Graña num. 65 Promotor: José Ignacio Fernández Agulla Constructor: José Agulla Martínez |
| 332 | 18/05/16 | Aprobación Padrón Fiscal da taxa por uso dos bens e instalacións municipais dos merados correspondente ó primeiro e segundo trimestre e 202016 (mercadillo) polo importe de 15.495,00€ |
| 333 | 19/05/16 | Aprobar gastos recoñecer obrigas, e ordenar o pago polo importe de 1547,47€ |
| 334 | 23/05/16 | Resolucións sobre reclamacións fiscais 0009/16 |
| 335 | 19/05/16 | Aprobación gasto e ordenación de pago do reembolso do préstamo concertado en Banco Sabadell, polo importe de 21.629,28€ |
| 336 | 20/05/16 | Aprobación do estudo de Seguridade e Saúde, e programa de Tránsito do Servizo de Balizamento das Praias do Concello de Bueu |
| 337 | 13/05/16 | Recoñecemento de obrigas correspondente á relación de facturas num 8/2016 e polo importe de 44021,09€ |
| 338 | 23/05/16 | Aprobación lista definitiva de admitidos e data primeira proba para a contratación en réxime laboral temporal de 9 socorristas para a prestación do servizo de socorrismo nas Praias do Concello de Bueu. |
| 339 | 25/05/16 | Requirimento previo á adxudicación do contrato administrativo menor da obra "Ampliación da rede municipal de saneamento entre Castrelo e Pousada-Cela" no marco da subvención da Deputación Provincial de Pontevedra do Plan Provincial de Cooperación de obfas e servizos de competencia municipal (PLAN CONCELLOS)2016 (PPOS/2016) |
| 340 | 23/05/16 | Desestímulo expediente solicitude de licenza de obra maior para a execución de actuacións no Parque Nacional Marítimo Terrestre Illas Atlánticas |
| 341 | 23/05/16 | Declaración ineficacia de Comunicación previa de obras menores Promotor: Carmen Broullón Durán Obras: Revestimiento e pintado paredes medianeiras de edificación no lugar de A Graña num. 124 C |
| 342 | 24/05/16 | Aprobación proxecto "Rehabilitación de firme camiño de San Amedio" |
| 343 | 27/05/16 | Aprobación gastos, recoñecemento de obrigas e ordear o pago da proposta da nómina de maio polo importe de 155.258,80€ |
| 344 | 25/05/16 | Resolución Recurso de reposición interposto por FCC AQUALIA S.A. fronte á Resolución de Expediente Sancionador R/S65-15, incoado a FCC AQUALIA S.A. como consecuencia de novos verquidos residuais na Praia de Loureiro en Maio de 2015 |
| 345 | 24/05/16 | Resolución de arquivo solicitude de informe a instancia de Silvia Regueira de la Torre |
| 346 | 26/05/16 | Resolución Expediente sancionador R/S3-16 incoado a FCC Aqualia S.A., por verquido de augas residuais o 15.05.15 na Praia de Roiba., procedentes da E.B.A.R do Porto de Beluso |
| 347 | | Incoación do procedemento do contrato menor do Servizo de atención ó Público e realización de actividades turísticas na Oficina de Turismo e nos Centros Medioambientais, Aula da Natureza de Cabo Udra e Centro de Interpretación de Agrelo (Verán 2016) |
| 348 | | Aprobación das Bases reguladoras do procedemento selectivo para cubrir en réxime de interinidade unha praza de administrativo de administración xeral coa categoría de Xefe de negociado do departamento de Secretaría do Concello de Bueu |
| 349 | 27/05/16 | Autorización municipal a Darío Campos Loira, en representación Asociación Bueu en Festas, para celebración da Festa de Corpus nas Lagoas o 29/05/16 |
| 350 | 30/05/16 | Solicitude subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para "Mellora do Entorno da Capela dos Santos Reis |
| 351 | 30/05/16 | Ordear o reintegro da cantidade de 3005,06€ a FCC Aqualia S.A. correspondente ó procedemento sancionador RS/79-14 en cumprimento de sentenza 32/16 de 24.02.16 do Xulgado do Contencioso Administrativo 2 de Pontevedra. |
| 352 | 27/05/16 | Aprobación listado definitivo de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo para a contratación de persoal laboral temporal de educadores sociais no Concello de Bueu, así como o nomeamento do tribunal cualificador |
| 353 | 31/05/16 | Resolución dos recursos de reposición interpostos polos aspirantes D. José Freire del Río e D. Manuel Fernández Chamoro presentados ó Plan de Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais 1ª convocatoria |
| 354 | 01/06/16 | Convocatoria sesión Plenaria para o vindeiro luns 6 de Xuño de 2016 |

Non habendo intervencións ó respecto, polo Sr. Alcalde declárase ter coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal das resolucións habidas dende a última sesión ordinaria.

ASUNTOS URXENTES

- **Moción do grupo municipal de ACB-SON para promover a liberdade de conciencia e a non confesionalidade institucional do Concello de Bueu**



O Concelleiro representante de ACB-SON xustifica a urxencia ante a proximidade da festividade do Carne.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Entende a xustificación da urxencia e anuncia o voto favorable do seu grupo en canto a declaración da urxencia.

DECLARACIÓN DA URXENCIA:

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos 17 Concelleiros que conforman a mesma (12 do BNG, 3 do PP, 1 do PSdeG.-PSOE e 1 de SON), acorda declarar a urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACB-SON.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Concede a palabra ó Sr. Villanueva González, para dar lectura a moción e argumentación da mesma.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

Pasa da dar lectura á moción presentada polo seu grupo con data 27/05/15 (RE 4061), do seguinte contido literal:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ACB-SON PARA PROMOVER A LIBERDADE DE CONCIENCIA E A NON CONFESIONALIDADE INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BUEU.”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A pesar de que a Constitución Española de 1978 establece que “ningunha confesión terá carácter estatal”, persisten na actualidade numerosos elementos relixiosos o ámbito da vida política. En primeiro lugar, as cerimoniais relixioso-patrióticas ás que asiste o Xefe do Estado, así coma os actos relixiosos nos que participan outras autoridades políticas; ademais, son as ordenacións de tipo relixioso as que aínda a día de hoxe nomean capeláns castrenses e profesorado de relixión, que paga o Estado.

Por outro lado, na actualidade a toma de posesión dos ministros/as aínda conta coa presenza de elementos relixiosos, coma poden ser crucifixos ou incluso a Biblia, a pesar de que este tipo de cerimoniais deben ser laicas. Por todo isto, cómpre outorgarlle ás institucións de carácter público a calidade de “aconfesionais”, pois os ritos relixiosos teñen un significado individual, cultural e social e escóllense de forma libre, polo que non deberían estar presentes na vía política dun Estado democrático e aconfesional.

A igrexa católica e o estado español estiveron atados durante boa parte da historia contemporánea por estreitos lazos cerimoniais e o legado que queda diso é aínda considerable. A orixe e fundamentos básicos desa vinculación encóntranse no sistema político da restauración borbónica, e durante a ditadura de Franco consolidouse coa concesión á Igrexa dunha serie de privilexios institucionais

Por estes motivos, e en relación ao que establece a actual Constitución Española: “ningunha confesión terá carácter estatal”, o obxectivo da presente moción é establecer a lexitimidade secular das institucións públicas, para que non exista ningunha confusión entre os fins civís e públicos, comúns a toda a cidadanía, e os relixiosos ou ideolóxicos, de carácter privado, propios de particulares e de grupo, aínda con respecto a todas elas no marco da lei.



Temos que comprometernos a garantir e fomentar a liberdade de conciencia individual e a independencia efectiva das administracións públicas con respecto a calquera confesión relixiosa ou ideolóxica particular.

Pretendemos establecer o laicismo das institucións no ámbito municipal e a defensa e fomento dos dereitos humanos e da liberdade de pensamento e conciencia, incluída a liberdade ideolóxica e relixiosa.

Por todo o antedito, o grupo municipal de ACB-SON propón ao Pleno da Corporación Municipal, a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Suprimir todo tipo de simboloxía relixiosa nos actos oficiais e nos espazos de titularidade pública que dependan do Concello. O Concello non promoverá ritos nin celebracións relixiosas de ningún tipo.*
- 2. Os actos oficiais serán exclusivamente civís, sen connotacións relixiosas ou ideolóxicas de calquera natureza.*
- 3. Os membros da Corporación Local e o persoal ao servizo da administración municipal non mostrarán, no exercicio do seu cargo ou das súas funcións, ningún xesto de submisión ou veneración de persoas ou imaxes relixiosas.
Os regulamentos municipais de honras e protocolos adecuaranse á "non confesionalidade do Estado", que ampara o artigo 16.3 da actual Constitución.
Os representantes eclesiásticos de calquera confesión non serán convidados, en calidade de autoridade pública, a actos civís.*
- 4. Dende o Concello non se organizarán honras ou votos públicos a advocacións, santos, imaxes ou simboloxía representativa relixiosa. Tampouco o Concello e a súa Corporación se encomendarán a santorais, imaxes ou rituais relixiosos ou procesións."*

- **Sr. Villanueva González (SON):**

Consideramos que xa vai sendo hora de separar a Igrexa do Estado.

Antes, na época tristemente famosa, o Xefe do Estado ía baixo o palio, e hoxe nembargantes o monarca de sangue real no leva; pero aínda si segue indo a actos relixiosos e inda bica o anel de calquera Bispo ou Papa que se lle presente.

Dende o noso grupo gustaríanos que o Concello de Bueu tomase un acordo de non acudir a ningún acto relixioso en calidade de representante da Corporación.

Cada un, se é moi beato, pode ir tranquilamente, como se o fai de xeonllos ós Milagros de Amil, cada quen fai coa súa conciencia o que queira, pero creo que polo que respecto ó Concello de Bueu non ten por que acudir a ningún acto de carácter relixioso.

Gustaríame que cada quen vote en conciencia co que en realidade pensa, e os que voten en contra da moción e queiran seguir indo a actos relixiosos, por favor que non falten a ningún.

- **Sra. Pérez Piñeiro (BNG):**

A primeira frase era "liberdade de conciencia"; todo a partir ahí contradícese con isto. Entón, todo o demais, o que vote a favor, o que vote en contra, é contradictorio. Cada un e libre e con capacidade suficiente para decidir o queremos facer. Un grupo político que veña a impoñer a outros, ós veciños ou traballadores se deben adorar, si cantan ou bailan, me parece que estamos a falar dos tempos dese señor tan famoso.



Eu bou votar o que considero e irei nalgunha procesión se é o caso, e non porque mo diga algún grupo político, senón porque eu o quero facer dende a miña conciencia, e avogo á liberdade de conciencia, que foi o primeiro que figura na moción.

- **Sr. Villanueva González (SON):**

Creo que non me entendeche. A liberdade de conciencia por suposto que cada un ten a súa; eu podo ser musulmán, eu podo ser budista, eu podo ser eu que sei... o que lle votes, pero en conciencia como beata ou como relixiosa, ou como persoa, fai o que ti queiras. Eu simplemente o que pido é que a Corporación Municipal de Bueu, non asista como tal a actos relixiosos. Despois ti así coma o resto dos teus compañeiros, si queredes ir ós Milagros de Amil ide; si queredes ir a Lourdes ou a Fátima, ide; pero non ir como Concelleiros de Bueu, simplemente é o que pido.

- **Sr. Eirea Eiras (BNG):**

É interesante o debate, e de feito estamos aquí levantando grandes expectativas que seguro serán ben recollidas pola prensa especializada na ardua tarefa de ter informada á xente.

En principio o noso grupo municipal estaría de acordo coa filosofía que aquí se está traducindo; estaría de acordo e está de acordo porque en realidade estase cumprindo ó 100% do que aquí se recolle. Aquí non hai simboloxía relixiosa, ningún de nós prometemos o cargo sobre a Biblia, e quizais, como moi ben fai non no escrito, senón cando fai a exposición o Concelleiro, a cuestión radica fundamentalmente na participación nas procesións, porque todo o demais estase a cumprir; logo nos explicarás onde non, o mellor haberá que corrixir algunha cousa.

A cuestión é que recollendo un pouco o que se di aquí, “os ritos relixiosos teñen un significado individual, cultural e social”, é por iso, precisamente, polo que deben estar abertas a participación dos representantes desa sensibilidade individual, cultural ou social; porque senón tamén teríamos que estar exentos de participar noutro tipo de manifestacións que, se ben non son crenzas relixiosas, sí están fundamentadas en ritos trascendentes.

Por outra banda, é difícil poñer límite a estas cuestións, porque cando dicimos “non participar en determinadas cousas que teñan carácter relixioso”, pois tirando do cordel teríamos ó mellor que eliminar a Cabalgata de Reis; entón habería que explicitar iso. Non sei como sería acollido pola poboación.

O que se está dando no Concello de Bueu, creo que é unha situación que recolle practicamente todo isto, pero sí o que se dá é a participación de carácter social que teñen unha gran repercusión no pobo. A Corporación non pode estar de costas a isto. Logo iso sí cada un pode apelar a súa conciencia individual para non ir. Eu, por exemplo, non vou; pero non creo que lle deba dicir a ninguén “non vaias en representación do Concello” a un acto dunha gran repercusión social e que implica a unha grande cantidade de xente.

De feito hai máis actos que, se non autenticamente relixiosos, pois sí teñen que ver con outras relixións e que tamén somos invitados e eles e acudimos por exemplo ós concertos de gospel están sustentados na Igrexa Evanxélica, e o que eles cantan son salmos e cuestións que non as entendemos por ser en inglés, pero que teñen que ver coa súa crenza.

A presenza doutro tipo de relixións é minoritaria, e polo tanto o Concello non está participando porque non existe. Se cadra, si nun momento houberse aquí unha gran poboación musulmana por calquera cuestión e celebrasen algún rito que tivesen unha certa repercusión social, o Concello podería estar aí presente. Outra cousa é, efectivamente, o que comentas aquí: a submisión, a incorporación de símbolos, etc., etc.



Entendemos que isto que está aquí recollido está ben, pero quizais un pouco extemporáneo e fóra de sitio.

Hai que ter en conta que a Igrexa Católica o que fixo foi tratar de cristianizar gran parte dos ritos paganos; e quizás hoxe estamos tamén paganizando un pouquiño os ritos. Aquí temos como exemplo o Corpus que é unha gran expresión cultural que está ó mellor recuperando tamén un pouco a súa esencia inicial, que é un canto á natureza a través da exposición de flores, etc. etc., que foi o que fixo a igrexa. Os motivos das alfombras de Bueu son altamente variados e non están para nada suxeitos a unha ideoloxía relixiosa.

Por tanto, no noso grupo entende que a moción ten a súa urxencia, pero imos a manifestar, ou eu polo menos, por canto cada un manifestarase segundo a súa conciencia, efectivamente, en contra, por canto creo que está todo recollido xa.

- **Sr. Otero Pérez (BNG):**

Estamos de acordo na separación do que é o Concello en canto ás posicións de submisión. O Concello debe permanecer ao marxe, pero hai actos e actividades que non se sabe ben onde rematan. Eu, por exemplo, vou case sempre e sempre que non teña ningunha outra actividade, a Capela de Santos Reis, xunto coa Asociación de Veciños de O Valado, e me gusta escoitar a música alí; pero claro, se vou a pensar que iso ten unha motivación relixiosa que é dos Santos Reis, non podería ir.

Entendo que a moción está pensando noutro pobo, noutro sitio, noutra Vila onde efectivamente haxa un control relixioso das cousas, non en Bueu onde xa fai moitos anos que existe esta separación de poderes.

Toda influencia ven do eido cultural, efectivamente, as alfombras.... as romarías...

Aquí non se ve ningún elemento relixioso no edificio, nin ninguén te vai dicir "Ave María Purísima". Iso pasou á historia, creo que estamos vivindo nun sitio e as veces nos costa ver a realidade.

- **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Entende que o problema e que o Sr. Villanueva González pide de palabra unha cousa que non reflexa na moción. Creo que ese é o problema. Podemos votar a favor da moción e non impedir ir a misas, e dende o Concello non se deberán organizar honras.

- **Sr. Villanueva González (SON):**

O que se pide na moción é simplemente que o Concello sexa laico dunha vez.

O que se solicita, aínda non queiran miralo, que como Alcalde ou como membros da Corporación, como Secretario do Axuntamento e como Interventor do Axuntamento, non vaian a procesións ou actos relixiosos.

Que o Concello de Bueu non permita con cartos públicos pagar unha carpa para que un señor dea unha misa.

Agora sí, eses cartos se adiquen a flores, para a Capela de Santos de Reis, para humanizar o que se queira, perfecto. Eu tamén acudo a Santa Ifigenia, pero vou como Xulio Villanueva, non como representante de SON.

Non me digan que non van a actos relixiosos, cando este Corpus fustes detrás do Altísimo, e no Carme ides ir detrás da Virxe do Carme, e cando sexa San Martiño, detrás do San Martiño.

Ir diante coa banda, paréceme ben; ir ó final, como suxeito pasivo e non como Alcalde ou membro da Corporación, ide, como se o facedes de xeonllos, confesar, comulgade...

Como membros da Corporación pídovos que o Axuntamento de Bueu non faga actos relixiosos e non acudamos a procesións nin actos relixiosos como Alcalde, funcionariado e como Concelleiros deste Pobo.



- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Agradecer ó grupo municipal do BNG e a tódalas Concelleiras e Concelleiros que de xeito unánime adoptaron unha decisión en relación con este asunto. Tamén quero agradecer ó grupo local do BNG que ven respaldando esa decisión dentro do ámbito do que é a liberdade de cada un á hora de poder participar, previa invitación neste caso, a un acto relixioso, cultural, social ou como se queira denominar

Teño claro que como Alcalde non vou a facer algo distinto ó que fixen dende un primeiro momento. Recibín sempre mostras de respecto por parte da cidadanía, con independencia do grupo colectivo das persoas a que me refiro; procurei estar sempre onde o pobo me pediu que estivese, e polo tanto veño participando como Alcalde e como Concelleiro nestes actos relixiosos dende o ano 2003.

Non pensei que cambiaras tanto nos últimos anos -referíndose ao Sr. Villanueva González-, porque creo que algunha misa, algunha procesión e algunha Salva Mariñeira compartimos, por exemplo.

Polo tanto, creo que tamén en política temos que amosar coherencia cando se fala de liberdade de conciencia, máis aló de que poidamos estar equivocados.

Insisto, dentro desa liberdade que dentro do grupo municipal para que cada un participe de acordo coa súa conciencia, eu como Alcalde sí teño claro de que seguirei participando na medida do posible, porque creo que é o meu deber.

Sobre todo porque o que se pretende aquí nada ten que ver con Bueu onde fai anos que proclamamos que somos un Concello laico.

Se vamos digamos ao fondo, á esencia, como tamén se comentou antes aquí, estamos de acordo no cumprimento da legalidade, porque hai que dicir que España é un estado laico aconfesional, e, polo tanto, o que hai que facer é cumprir coa legalidade, pero todo que non sexa esixir o cumprimento da legalidade, entra dentro sempre do que é a conculcación dese dereito á liberdade de conciencia de cada quen.

O que non é entendible é o contido desta moción, que posiblemente ninguén identificaría a Bueu con ela, porque fala de cousas que aquí non están a suceder.

Agora ben, non se trata unicamente de que o Alcalde vaia ás procesións, que quede claro, senón que se pretende algo máis, que os espazos públicos non se utilicen para actos relixiosos, co cal non só as mesmas, é que non poderíamos autoriza-la procesión de Corpus ou ningunha outra procesión, por poñer un exemplo, porque forman parte tamén dos actos relixiosos. É máis, que o Concello é propietario dunha Capela, a de Santos Reis, é un ben patrimonial do Concello, onde cada ano permitimos que unha Asociación Cultural organice actos relixiosos, con mesmas e procesións, e que teríamos tamén que prohibilo.

Agora me pregunto: O Concello leva dous anos organizando unhas xornadas da historia na Aldea de Ermelo, e estamos utilizando a Igrexa, polo que tampouco poderíamos solicitar a súa utilización, por tratarse dun templo relixioso; ou, se hai un concerto de Corais nunha Igrexa, teríamos que ver si poderíamos ir ou non.

Ou ben, si o Concello tería que organizar algo que por aforo ou acústica encaixaría mellor na Igrexa parroquial de Bueu que no propio Salón de Actos que temos aquí, tampouco poderíamos utilizar porque estamos a falar dun espazo relixioso.

Afortunadamente Bueu superou determinados debates en positivo.

Entendo que esta moción política, onde o que se pretende facer é política, e así o aceptamos e defendemos con coherencia a nosa postura. Si con isto vai supoñer un desgaste de parte do electorado do BNG, a cidadanía é libre de xulgarnos, pero que quede claro que Bueu é un Concello laico e que esta moción é netamente política.

- **Sr. Villanueva González (SON):**



Por alusións, en relación ás procesións que asistín: Eu si levei un cambio, agora vostede, como Alcalde de Bueu debiches atopar a fe. Creo que o próximo que imos a pedirche é a canonización, porque si que tiveches que coller a fe total.

Eu lembro a Alcaldes do BNG que non ían a actos relixiosos; lembro Concelleiros con goberno, non Alcaldes, que non ían cando gobernaba o BNG.

Paréceme ben que como persoa sexas relixioso, acudas á Igrexa, vaias a misa. Como Alcalde de Bueu, non me gusta.

Eu cando fun ás procesións, fíxenche caso en dúas cousas: Unha, en prometer a Constitución, que non me deixaches facer por imperativo legal e como Alcalde así o respecte, e pedícheme que fora á Festa do Carme na procesión. Por activa e por pasiva díxenche que non quería ir, pero por respecto ó Sr. Alcalde e os mariñeiros fun. En agosto do mesmo ano fíxose un evento deportivo nas rúas de Bueu, e eu invitei ó Sr. Cura, tamén por imperativo legal a que acudira cos meniños. O Sr. Cura non tivo a decencia ou deferencia de acudir a un acto social civil, co cal eu xa tiven excusa para nunca volver máis a unha procesión relixiosa.

Si el non ven ós meus actos, eu non vou ós del; entón creo que o Sr. Alcalde niso, aparte de que atopara a fe, e que nos anos anteriores non fora nunca a unha procesión e a partires de 2003 non perda unha; paréceme perfecto.

Na época logo da moción de censura creo que seguías indo nas procesións como Alcalde na sombra.

As alfombras que veñan, como se as pisan antes os meniños que o Sagrado. A moción di que os actos oficiais serán exclusivamente civís; non terlle aquí unha Capela flotante con cartos do Concello; non poñerlle unha alfombra floral, non ir a misa...

Pido votedes en conciencia.

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. alcalde somete a aprobación a moción presentada polo grupo municipal de ACB-SON, mediante votación nominal e a man alzada, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 1 (do Concello de SON)
- ✓ Votos en contra: 15 (12 dos Concelleiros do BNG, e 3 dos Concelleiros do PP)
- ✓ Abastencións: 1 (do representante do PSdeG-PSOE).

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda rechaza-la moción presentada polo grupo municipal de SON con data 27/05/16 (RE 4061), relativa á promoción da liberdade de conciencia e a non confesionalidade institucional do concello de Bueu.

12. Rogos e preguntas

• Sr. Alcalde-Presidente:

Non téndose presentada ningunha por escrito, ábrese unha quenda de rogos e preguntas.

◆ Sr. Santos Pires (PP):

- Sobre o Regulamento de Participación Cidadán ¿qué facemos?.

◦ Alcalde:

Cando esteamos en disposición

◦ Sr. Santos Pires:



Pide axiliza-lo tema.

- O Evento Bueu Cidade do Motor que vai celebrar do 26 ó 28 de agosto ¿cánto lle vai custar ó Concello? ¿tedes unha estimación?

- **Sr. Alcalde:**

....

- Os expedientes do departamento da Traballadora Social son públicos ou están baixo unha correcta custodia?

- **Sr. Alcalde:**

Que están correctamente custodiados.

- **Sr. Santos Pires:**

Levántase do seu asento e abre a porta do departamento sen problema. Pide que se teña a procura de pechalo, por tratarse de temas delicados; que se estreme a precaución.

.....

◆ **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

- Estáse a facer un saneamento en Meiro, na Cacela, e preguntei o outro día e non existe proxecto.

- **Alcalde:**

Existe unha memoria do técnico e hai que ver o trazado final que aínda está pendente.

- **Sr. Vilas Pastoriza:**

Preguntei polo proxecto e contestáronme que non había nada; ademáis quixera dicir que están a pasar por unha propiedade que non é pública.

Que se atope no Catastro non implica que sexa público.

Pregaríalle ó goberno que falase cos veciños de Meiro.

- **Sr. Alcalde:**

Xa falou con eles. Non so cos propietarios de fincas que dan a ese camiño, senón tamén por fincas que atravesan o saneamento.

- **Sr. Vilas Pastoriza:**

Insiste en que están a pasar por unha soa finca. Entende que non é normal pasa-lo saneamento público por propiedades privadas.

- **Sr. Alcalde:**

No Catastro de 1956 figura como público.

.....



- Lín unha noticia o día 6 do mes de maio, onde pon que Educación inverte 626.000 € nos Centros da Comarca entre críticas de Moaña; Cangas recibe 519.000 €, Moaña creo que 84.000 que lles parece poucos, e ao final o Concello de Bueu pola súa parte recibirá 11.000 € para os seus centros públicos, e a administración local aportará 12.000 ¿é certo todo isto? Aquí non hai quen proteste. Non sei os criterios, pero que a Cangas lle dean 519.000 € 84.000 a Moaña e 11.000 a Bueu, parécelle totalmente discriminatorio. Pregúntome onde están aqueles Concelleiros que se encadeaban á porta cando non viñan os ciclos.
 - **Sr. Alcalde:**
Están no mesmo sitio.
 - **Sr. Vilas Pastoriza:**
Están no mesmo sitio non, están na poltrona e agora firman calquera cousa......
 - **Sr. Vilas Pastoriza:**
Como estes asuntos non veñen a Comisión, falo dunha noticia que leo como calquera veciño, porque aquí Comisións non se fan para nada.
 - **Sr. Alcalde:**
Unha cousa é a noticia que Vde. lee e coma a interpreta, e outra a realidade. Hai que preguntar antes de opinar.
 - **Vilas Pastoriza:**
Eu pregunto cando podo e Vdes. fan Comisións cando queren.
 - **Sr. Alcalde:**
Por moito que repita, e creo que antes se lle dixo por parte dalgún Concelleiro e aquí en moitas ocasións anteriores, as Comisións Informativas están para o que están, para debater os asuntos que veñen a este plenario; e cando se convocan Comisións e non se veñen a ve-los asuntos ata a data de celebración, logo nos queixamos que falta de transparencia, de oscurantismo e demais porque non se lles facilitan os expedientes e non veñen a velos...
- ◆ **Sr. Villanueva González (SON):**
 - Pergunta pola moción conxunta para ter acceso a Secretaría; quedamos fai meses de facer unha Xunta de Voceiros e aínda non hai nada. Retiramos a moción pensando que ía ser máis áxil reunirmos todos e facer unha especie de borrador de como se pode traballar na oposición neste Concello, e haberá que volverse a xuntar e presentala de novo.
Pregunta si hai feito algo sobre ese tema.
 - **Sr. Alcalde:**.....



- A pregunta é como vai a adquisición dos dereitos de uso co camiño do entorno do Río Biso. Cree que hai un veciño que si ten os seus dereitos cedidos, e pide que se faga igual para todos e formalizar as cesións.
 - **Sr. Alcalde:**
Non se fixo ningunha.
- Por último, cónstame que en Bueu neste momento estase a facer a relación de postos de traballo, cos Sindicatos e co Comité de Empresa.
Non vou dicir que me consta expresamente, porque non é así, pero parece ser que na primeira xuntanza, no primeiro cadro de persoal que lles puxo ós Sindicatos, votaban en falta os postos de limpeza de Bueu.
Si non constan, pido que consten que se fagan, hai cartos, hai partida orzamentaria para eles, que se inclúan e que non pase que de repente non están na RPT e hai que contratar unha empresa privada para que faga a limpeza.
Que eses postos de traballo sexan municipais, dignos e cos cartos que hai no Axuntamento, e non intentar a privatización encuberta tamén da limpeza como se fixo con Turismo e como se fai coas Aulas da Natureza e con todo.
- ◆ **Sra. Pérez Hernández (PP):**
 - O pasado 17 de maio líamos na prensa que se adxudicaba a unha empresa a través dun contrato menor, por importe de 15.395 € para levar a cabo a implantación da administración electrónica no Concello. Queríamos saber posto que, ao tratarse dun contrato menor, a adxudicación foi directa, cáles foron os criterios de adxudicación e porque non se lle deu a ningunha empresa galega e se fixo con unha de Zaragoza, máis que nada por canto defenden tanto a Galiza, non sabemos o porque non aparece ningunha empresa que puidera ser adxudicataria deste servizo.
 - **Sr. Alcalde:**
Imos dicir que se trata de contratos especiais, onde o criterio principal debe ser a fiabilidade e a experiencia, e do puidemos coñecer previamente porque é a empresa que está implantando este sistema en mais Concellos, polo que temos preguntado a eses Concellos é bastante positivo; nembargantes non fomos capaces de conseguir a mesma información doutras empresas.
Tendo en conta que, efectivamente, trátase dun contrato menor, a idea é que a partir de pouco teñamos á Deputación Provincial que está traballando nunha aplicación que poida neste caso tamén ser utilizada polos Concellos. Esa é a razón principal.
 - Na Xunta de Goberno do 18 de abril acordouse a renovación dos postos de venda ambulante para este ano. Polo que puiden ver renováronse 16 postos, non sei se son todos ou que pasou co resto, e por outra parte saber se o goberno está autorizando as transmisións dos postos de venda ambulante aquí no Concello.
 - **Sr. Alcalde:**
Non foron todos os que se renovaron. O resto están pendentes de subsanar documentación.
Respecto ás transmisións, a Ordenanza non o permite e limitan esta posibilidade.
 - **Sra. Pérez Hernández:**



Entendo que unha lei de rango superior a unha Ordenanza Municipal, é de aplicación, aínda que a ordenanza exprese que os postos non se poidan transmitir, existe unha lei de rango superior que así o atribúe, de feito o artigo 76.2, e non entendo porque non se está aplicando.

◦ **Sr. Alcalde:**

Se non se está aplicando é porque os servizos técnicos e xurídicos entenden que non é de aplicación automática da lei; sobre todo cando unha ordenanza municipal, e pode facelo porque a lei o permite, pode ser máis restrictiva.

Logo que a lei diga que se permite, non significa que non se poida ser máis restrictivo nunha ordenanza municipal.

Temos intención de cambialo e axustalo ó que di a nova lei, pero de momento mentres non se introduza esa modificación, non podemos neste caso aplicar directamente ou automaticamente a lei.

◦ **Sra. Pérez Hernández:**

E que a lei é de 2010 e xa estamos no 2016 e a ordenanza segue sen actualizarse. Rogo que se faga no máis breve de tempo posible.

◆ **Sra. Otero González (PP):**

Dende o 8 de marzo unha persoa ten solicitada unha praza para minusválido preto da súa casa, porque a súa nai ten problemas de mobilidade, cousa que xa anteriormente o fixo de palabra.

Polo que quixera saber canto tempo van tardar en establecer dita praza na Avda. de Marín, por canto non existe ningunha, esperando que se faga antes de que a Sra. deixe de necesitala. Xa leva 6 ou 7 meses solicitando e a Sra. está deteriorándose. Mais de nada trátase dun rogo por necesidade.

◦ **Sr. Castro Quiroga (BNG):**

Está previsto, e o pintor xa empezou cos traballos.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión cando son as vintetres horas e cinco minutos, de tódolo que, en canto Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria,

Asdo: Félix Juncal Novas

Asdo: Nuria Lobato del Río